

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, don José Víctor González Vázquez, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2013.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de setembro de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE DE DONA MÓNICA LEGASPI DÍAZ PARA O EXERCICIO DE DOCENCIA UNIVERSITARIA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que non poden votar favorablemente este asunto por unha cuestión de coherencia. A propia Lei, e así o reflicte o señor secretario no seu informe, establece unha incompatibilidade de tipo económica, como é este caso, xa que a contía final polo desempeño das dúas actividades supera o límite fixado nos orzamentos xerais

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

do Estado para o cargo de director xeral. Tamén di a Lei que a superación destes límites, en cómputo anual, requirirá en cada caso o acordo expreso do Pleno, baseándose nunha razón de especial interese para o servizo. Tendo en conta que nesta cuestión ese especial interese para o servizo non existe, máxime cando o posto de interventor é, logo da última reforma, un posto de especial singularidade e responsabilidade, entenden que non é procedente a autorización, polo que se van abster.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que nesta solicitude de compatibilidade existen cuestións que van ter que ver co seu sentido do voto. Este suposto de compatibilidade é unha excepción dentro da lei, e polo tanto debe xustificarse por parte da Deputación como de interese público. O Grupo Socialista non ten datos obxectivos para facer valer ese interese, e, ao seu entender, a utilidade pública tanto por dedicación como por salario, debe ser en exclusividade para esta casa. Isto non é unha cuestión persoal, polo que pide que se lles facilite unha relación das compatibilidades que existen nesta Deputación, por se hai alguén que a estea exercendo sen tela solicitado anteriormente. Queren ter un único criterio, pero con datos. Anuncia que votarán en contra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, cre que se lle están dando voltas a un tema sinxelo, porque o que di a proposta é autorizar unha compatibilidade na que a xornada e o horario do traballo na Deputación deberá cumprirse e respectarse en todo momento. Se a Sra. interventora quere traballar, hai que permitirlle que traballe, e se a Universidade de Santiago lle pide que dea clases por algo será. Dille ao Sr. Gómez Pérez que non debe mesturar cousas, e parécelle ben que reclame informes, pero o punto da orde do día é o que é. O Grupo Popular vai votar a favor disto porque cren que non prexudica para nada á Deputación Provincial.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Autorizar a dona Mónica Legaspi Díaz, interventora xeral desta Deputación Provincial, para o desempeño dun posto de profesora asociada HX1028, dedicación P6 ao servizo da Universidade de Santiago de Compostela, consonte coas seguintes condicións:
 - a) A xornada e o horario de traballo na Deputación Provincial deberá cumprirse e respectarse en todo momento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

- b) A contía das remuneracións percibidas polo segundo posto non poderá exceder do 30% das retribucións do posto principal.
- c) Autorízase expresamente que o importe conxunto das retribucións percibidas por ambos postos exceda o límite establecido no artigo 7.1 da Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, baseándose nas razóns de especial interese para o servizo.
- d) O réxime de dedicación ao posto de profesora asociada será o previsto na cláusula xeral 1ª do contrato de 10 de novembro de 2003, obxecto de prórroga ao que se refire a autorización.

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 2/2013 DO INORDE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que esta é a segunda vez, en tres meses, que hai que acometer un expediente de modificación de créditos, por valor de 53.100 euros para que o INORDE poida facer fronte ao pagamento dos gastos correntes de funcionamento: auga, luz, combustible, comida dos animais (parece ser de catro patas, pero tamén de dúas) etcétera. Insisten por enésima vez (xa o dixeron no mes de xuño) que non se prolongue innecesariamente a agonía deste Organismo, porque o único que se está a conseguir é agrandar máis o burato económico deste pozo sen fondo. Anuncia o voto en contra do BNG neste asunto.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, como dicía o compañeiro do BNG, esta é unha nova modificación que se trate en menos de tres meses, para un instituto que ten que velar polo desenvolvemento da nosa provincia. Estes días apuntábase nun xornal que mal imos se un instituto que ten que velar polo desenvolvemento da provincia non é capaz nin tan sequera de acometer os seus gastos correntes e non é capaz de facer uns orzamentos que se correspondan cos orzamentos reais desa institución. Entende que hai casos nos que hai que facer modificacións de crédito por determinadas circunstancias, pero neste organismo fanse habitualmente, igual que nesta casa, aínda que sexa por outros motivos. Un exemplo é a subministración eléctrica, que agora son 12.000 euros e anteriormente 24.000 euros, co que queda claro que cando se fan os orzamentos non se fan acordos cos gastos do propio instituto. Cren que esta actividade debe cesar canto antes. Tamén están convencidos de que parte desta subministración eléctrica é para pagar gastos derivados dos programas das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

estacións. Concorde co BNG en que non ten sentido seguir con esta agonía e con esta falta de previsión e dilapidación de diñeiro público. Anuncia que votarán en contra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sen entrar nas consideracións de INORDE si INORDE non, o asunto da orde do día é un expediente de modificación de créditos. A obrigação desta Deputación é dar resposta á solicitude do Consello Reitor do día 10 deste mes. Isto é algo que permite a lei e faise en todas as corporacións locais, incluso hai concellos que ao día de hoxe levan dez, quince, doce ou máis modificacións de crédito e ninguén se escandaliza. Con este expediente dáse resposta a unhas necesidades que ten o INORDE e con cargo ao remanente de Tesourería do ano 2012, que foi de 655.000 euros. Anuncia que o Grupo Popular votará a favor.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, pregúntase, xa que houbo un remanente de 655.000 euros, como non é capaz de sacar adiante cuestións que teñan que ver coa economía da provincia. Porque se hai ese remanente quere dicir que está gardado e non se está empregando para algo necesario.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, sen entrar no remanente dos 655.000 euros, que se poderían ter utilizado para o desenvolvemento da provincia, pregúntanse como non se planificou ben o orzamento para non ter que traer agora este expediente. É certo que os concellos teñen que facer modificacións orzamentarias por diversas razóns, como que as administracións non pagan o que teñen que pagar, polo que se ven obrigados a facer esas modificacións. Pero este non é o caso que nos ocupa, porque se hai un remanente como o que hai, e despois non se fan ben os orzamentos, quere dicir que a xestión é nefasta, porque se os concellos dispuxeran dese remanente seguro que facían uns orzamentos diferentes.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, non vai entrar nas consideracións da oposición e apela a que saiban como está a normativa de contabilidade municipal e o que se pode facer ou non (ou o que deixan facer) cos remanentes de tesourería, porque non é o mesmo o que se quere facer que o que deixan facer. Se no seu día non se previron estes gastos no orzamento, as fórmulas que permite a lexislación de réxime local e a de facendas locais, son para isto. Pensa que se se teñen 655.000 euros de remanente a xestión non foi tan mala, e o grupo de goberno xa sabe o que pode facer con eles. Pídelle á oposición que á parte de dicir sempre que non e votar en contra, traian propostas que seguro que se agradecerán.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		
Aplicación orzamentaria	Expresión	Importe €
42211/214.00	Reparación elementos de transporte	4.000,00
42211/220.00	Material oficina	2.000,00
42211/221.00	Subministración de enerxía eléctrica	12.000,00
42211/221.01	Subministración de auga	3.500,00
42211/221.03	Subministración de combustibles carburantes	20.000,00
42211/221.13	Subministración de manutención de animais	5.000,00
42211/222.00	Servizos de telecomunicación	2.000,00
42211/222.01	Comunicacións postais	400,00
42211/230.00	Axudas de custo de goberno	4.200,00
Suma de suplementos de crédito		53.100,00.-
RECURSOS UTILIZADOS		
Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais		53.100,00.-

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que para o BNG a pretensión desta ordenanza de subvencións é regularizar unha práctica que ben sendo a tónica xeral nesta Deputación Provincial, que non é outra que o uso e abuso das subvencións a dedo. Só nos tres últimos meses repartíronse con criterios persoais (para festas, gastos de asociacións e obras en aldeas, barras de bar en campos de fútbol onde xogan menores de idade, etcétera) máis de 780.000 euros, e que ascenden a máis de 4,5 millóns de euros no que vai de ano. Centrándose na ordenanza, di que con carácter xeral contén as previsións da normativa estatal e galega de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

subvencións, pero con dúas obxeccións concretas. Aínda que se reitera o esquema de concesión de subvencións baixo publicidade como regra xeral, mantéñense dúas excepcións poderosas e que permitirán manter axudas a dedo: as nominativas previstas no orzamento e as de emerxencia social. En ambos casos a súa concesión pode ser discrecional e dun volume importante. No caso das nominativas o único límite é que non superen o 20 por 100 do total das concedidas pola Deputación, isto significa que se habilita á Deputación para seguir concedendo unha quinta parte das axudas de xeito directo, sempre que así estea previsto nos orzamentos. Estamos a falar de preto de 1.200.000 euros, dos case 6 millóns de euros consignados no orzamento de 2013, sen ter en conta as sucesivas modificacións de crédito producidas, que incrementan notablemente a cantidade destinada para tal fin. Unha cifra desorbitada, pois ese tipo de subvencións está previsto para casos singulares. No caso das de emerxencia social, non hai criterios claros para delimitalas, polo que poderá ser un método flexible para conceder axudas a dedo, ou trala petición logo da entrevista co presidente ou deputado provincial de quenda, só tendo que xustificalas formalmente caso a caso, pero sen unha guía ou norma clara, o que permite case calquera tipo de motivación para concedelas. Para evitar esa discrecionalidade, o lóxico era regular claramente que tipo de axudas encaixan no concepto de emerxencia social, e que fora vinculante que se cumprise e cun control previo antes da súa concesión. Segundo o criterio do BNG as subvencións nominativas terían que desaparecer, ou unicamente prevelas para entidades ou persoas singulares, entendendo por tal aquelas que desenvolven unha actividade con exclusividade (ateneos, asociacións culturais únicas que custodian coleccións singulares ou que teñen escolas de interese provincial, federacións de asociacións ou deportivas que desempeñan en exclusiva a promoción dun deporte concreto, etcétera pero non a clubs privados que é o que se ten feito ata agora) como a razón destas subvencións nominativas, que de facerse unha convocatoria pública só poderían presentarse ese tipo de entidades, polo que se permite aforrar a súa publicación previa. A segunda cuestión é a escasa regulación relativa á xustificación de axudas e ao reintegro de subvencións, neste caso, non só reintegro, senón normas sancionadoras para os incumpridores e tamén de regras para imposibilitarlles solicitar novas axudas a aqueles que defraudaron nun tempo determinado, como penalización. Neste sentido, régúlase só o pagamento da Deputación ao beneficiario, mais non como este ten que facer a xestión deses fondos públicos e acreditar que se usaron para a finalidade concedida. Nisto a ordenanza está a anos luz do Regulamento de subvencións da Xunta, que procuraba non só transparencia na concesión senón na xestión posterior dos fondos por persoas privadas, pois aínda sendo desa natureza quen xestiona, o diñeiro é público e debe

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

esixirse unha xestión acorde con ese carácter dos fondos. En consecuencia, e logo do exposto, anuncia que o BNG votará en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o grupo de goberno saíu presumindo por ter elaborado unha ordenanza de subvencións, confundido á xente coa moción que presentou o Grupo Socialista no pleno anterior, á que o Grupo Popular votou en contra. Na moción dicíase que o 70% do total das subvencións non fosen entregadas a dedo. Non se pode presumir de que no ano 2013 se elabora unha ordenanza reguladora das subvencións, cando isto xa está regulado desde o ano 2003. Entenden que debe haber unha marxe para que o presidente ou o grupo de goberno poidan conceder subvencións en determinados momentos por causas obxectivas, excepcionais ou de urxencia. Con isto preténdese facer un lavado de cara, pero esta ordenanza ten que ver coa lei e coa propia normativa autonómica que xa se aplica nos concellos desde hai anos e que nin sequera dispoñen do 5% do importe que dedica a Deputación no seu orzamento para subvencións. Se non se elaborou antes esta ordenanza foi porque non interesaba e agora pretenden lavar a cara, por isto pregúntanse que se leva facendo nesta Deputación durante eses dez anos (2003 a 2013). Pregúntanse tamén cantas subvencións nominativas concedeu o anterior presidente (e o actual tamén) sen ningún tipo de criterio (aínda que se pensan que si había criterio: a vinculación co Partido Popular). Esta ordenanza é unha manobra envolvente, porque o procedemento de concorrencia competitiva é unha transcripción da lei, e se se quere presumir de transparencia no órgano avaliador poderíase incluír a un membro de cada grupo, aínda que non teña voto, pero que teña voz. Hai procedementos de concorrencia non competitiva, algo que non deixa de ser unha concesión directa, porque se asemella ás nominativas, e reitera que aquí tamén podería haber un representante de cada grupo no órgano avaliador. En canto ás nominativas di que se deben consignar no orzamento tanto a contía como os beneficiarios, porque non se pode avaliar antes de. En canto ao 20% pensa que pode ser moito ou pouco dependendo da cantidade global que se destine a subvencións, porque non hai constancia disto, polo que esta ordenanza se podería ter traído despois de elaborar os orzamentos e igual tiñan un criterio diferente. A concesión directa de subvencións é unha modalidade sen control ningún, porque queda a criterio do órgano que as concede. Na ordenanza dise que se aplicarán cando existan razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas, e pregúntase quen as vai xustificar. Se se lles quere dar algunha participación aos grupos di que xa apuntou algunha cuestión que se podería ter regulado, pero á parte disto o Grupo Socialista pensa que o grupo de goberno quere facer un regulamento para seguir concedendo subvencións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

a quen lles dea a gana, cunha manobra envolvente, dicindo que regulan algo que xa tiña que estar regulado desde hai anos, para seguir a facer as cousas mal. Anuncia que o seu grupo votará en contra da ordenanza reguladora de subvencións, porque non regula a intencionalidade política.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, lembra unha frase que sempre di: pau se remas pau se non remas. Porque para a oposición se se fai algo está mal e se non se fai tamén está mal. Como ben se di na memoria da proposta da Presidencia, no caso particular das deputacións provinciais a subvención é un dos principais instrumentos para o desenvolvemento dunha das súas competencias esenciais, a asistencia e cooperación cos municipios, especialmente cos de menor capacidade económica. É evidente, pois, a importancia da subvención como instrumento de realización práctica das políticas da Deputación Provincial. En todo caso, a lexislación de subvencións pode que teña algunhas lagoas que se pretenden completar, e esa foi a idea do Sr. presidente, co asesoramento dos técnicos e do grupo que o apoia. Con esta finalidade, o Sr. secretario xeral, unha vez máis, redactou un texto que clarifica aspectos tales como a distribución de competencias entre órganos provinciais na materia, os supostos nos que é posible acudir a procedementos diferentes ao de concorrencia competitiva, as peculiaridades das subvencións que teñen por obxecto a cooperación nas obras e servizos municipais, o réxime dos plans estratéxicos de subvencións ou determinados aspectos relativos á xustificación de subvencións. Merece a pena destacar algúns puntos que constan na ordenanza, como no artigo 5, no que se regula o réxime de publicidade da concesión de subvencións, ampliando as esixencias que establece a lexislación vixente na materia e esixindo a publicación en dous diarios oficiais (BOP e DOG) e na sede electrónica da Deputación da totalidade das subvencións concedidas, con independencia da súa contía (práctica que xa era habitual nesta Deputación). No título II régulanse os procedementos de concesión de subvencións, identificando ata cinco procedementos diferentes. En primeiro lugar o procedemento de concorrencia competitiva; en segundo lugar, a ordenanza desenvolve o procedemento de concorrencia non competitiva, que aínda que non estea previsto con esa denominación específica, xa é contemplado na Lei de subvencións de Galicia, e a ordenanza límitase a determinar en que supostos procederá o emprego desta modalidade, así como a concretar algúns aspectos de detalle non contemplados na lei. En terceiro lugar, e no que atinxe ás subvencións nominativas, a ordenanza establece un límite (algo que pedía o Grupo Socialista) de carácter cuantitativo para o seu emprego, establecido no 20% da contía total dedicada ás subvencións. En cuarto lugar, a ordenanza establece un procedemento especial para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

as subvencións de cooperación cos concellos (como o Plan provincial). Por último, no que se refire ás subvencións de concesión directa previstas tanto na Lei xeral de subvencións como na Lei de subvencións de Galicia, a ordenanza limita a discrecionalidade da administración provincial para o emprego destes procedementos, limitando os supostos da súa concesión á concorrencia de circunstancias de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que impidan a súa convocatoria pública ou a súa concesión como subvencións nominativas. A ordenanza introduce, con respecto a este tipo de subvencións, un dobre matiz diferencial con respecto á actual regulación legal. En primeiro lugar, esíxese que as circunstancias sinaladas impidan a súa convocatoria pública, cando as leis só esixen que dificulten esa mesma convocatoria. En segundo lugar, establécese o carácter subsidiario desta modalidade de concesión con respecto da subvención nominativa, limitación que tampouco se esixe na lexislación vixente. En definitiva, a ordenanza limita a concesión directa de subvencións máis alá do que esixe a lexislación vixente, algo que habería que recoñecer. O título III, regula os plans estratéxicos de subvencións, inspirándose na regulación estatal e autonómica na materia, aínda que simplificando esta para adaptala ás peculiaridades da administración provincial. O título IV regula aspectos xerais da xustificación e pagamento das subvencións, establecendo, por exemplo, o prazo para o seu pagamento, aspecto este que non se atopa regulado na lexislación vixente (a ordenanza fala de 30 días para o pagamento e incluso prevé os pagos anticipados debidamente xustificadas). En consecuencia, para o Grupo Popular é un texto moi completo e necesario, de aí que estean de acordo coa proposta da Presidencia á que van apoiar.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, quere apuntar a modo de resumo, xa que a exposición do Sr. Álvarez Dobaño (que está moi ben lida) pode resultar un pouco *farragosa*, que para o BNG a ordenanza regula poñendo negro sobre branco un dos métodos que máis lle funcionaron ao Partido Popular para manter a rede clientelar e caciquil ao longo de todos estes anos. Pensa que este é o resumo final.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que ler a exposición de motivos queda moi ben, porque está perfectamente argumentada. A realidade é que esa argumentación non se corresponde co que se leva á práctica. El non di que non se axuste á lei, o que di é que as interpretacións que se fan despois son outras. O plan estratéxico de subvencións está moi ben e queda moi bonito, pero o problema é quen o formula e quen decide, que é o omnipotente presidente, porque decide quen o ten, quen o fai e a quen se lle dá. Non se pode dicir que agora o Grupo Socialista se opón ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

que pedían, porque o que pedían era outra cousa. Entenderían que hai vontade de facer ben as cousas se admitisen a súa proposta de incluír a todos os grupos políticos nos órganos avaliadores, pero esa vontade non existe. O problema non é que se publiquen as subvencións no BOP, senón que o problema é a quen se lle conceden as subvencións, porque ás veces non saben a quen se lles conceden. Na ordenanza recóllense cinco supostos de concesión de subvencións por esta Deputación, e neste momento non saben por cal se van decidir para conceder as que lles interesa. Pensa que para os grupos da oposición aínda vai estar máis complicado agora controlar as subvencións que se concedan. Vanse conceder subvencións baseándose en xuízos de valor do Sr. presidente, pero pregúntase en torno a qué van ser eses xuízos de valor. Queda máis ou menos ano e medio para as próximas eleccións municipais, e non lles poden facer crer que despois de dez anos o grupo de goberno vai ser o suficientemente transparente para chegar aquí e dicir que lles van dar subvencións con criterios obxectivos aos concellos e entidades de toda a provincia que as soliciten. Pide seriedade, por iso van solicitar que se lles entregue a documentación das subvencións que concedeu a Deputación por concello durante estes dez últimos anos e xa se verán as sorpresas que poidan aparecer. Para finalizar di que as subvencións se deben conceder con criterios obxectivos e non con criterios partidistas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Gómez Pérez que sorpresas se levaron cando se asinaban determinados convenios cando gobernaba o bipartito, pero non quere mirar para atrás. Reitera que pau se remas e pau se non remas, pero xa están acostumbrados. Este é un texto base e cando se execute por esta Deputación o que se recolle na ordenanza, poderán controlar ou criticar, que para iso están na oposición. Pide que os deixen gobernar, e que a oposición exerza o seu dereito constitucional de controlar o labor do goberno. Querer gobernar na sombra non está ben, hai que gobernar a pleno sol e os cidadáns decidiron onde ten que estar cada un. En canto ao plan estratéxico, di que van permitir que a oposición faga cantas propostas considere oportunas. A oposición xa prexulga o que se vai facer con esta ordenanza, entón de pouco vale querer ser transparentes, porque te critican igual. En todo caso, quere salientar que esta ordenanza é pioneira nas entidades locais do Estado español, transparente ao máximo e que vai permitir algo que a oposición leva tempo pedindo que é poder controlar. É obxectiva ao 100%. Pregúntalle á oposición se saben dalgunha ordenanza similar ou que potencie máis a concorrència competitiva nas subvencións que esta, porque tamén gobernan en moitos sitios. Invítaos a que a elaboren na Deputación de Lugo ou no Concello de Ourense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que se trata dun compromiso que se avanzou no pleno anterior. Estamos a falar dun documento que se pode cualificar como se queira, pero que seguro que non atoparon ningún que presente as características deste, xa que ningunha deputación ou concello conta cunha normativa destas características, porque seguro que se existise algunha que fose máis transparente e clara a terían presentado para comparalas. Na situación anterior non se fixaban límites e o 100% das subvencións poderían ter o carácter de nominativas. O Grupo Socialista no pleno anterior presentou unha proposta na que propoñían que o Sr. presidente debería reservarse a porcentaxe do 25% e nesta ordenanza formúlase o 20% (aínda máis restritiva). En canto á crítica de que se as subvencións nominativas sempre van a concellos vinculados co Partido Popular, lembra que neste momento o reparto nos gobernos locais da provincia de Ourense é de 70 alcaldías para o Partido Popular e 15 para o Partido Socialista. Dálle a impresión de que a estratexia da oposición é opoñerse, cousa que entende, pero di que estaría ben que leran o texto con maior profundidade para poder informarse de todo, do plan estratéxico, da publicidade, da concorrência competitiva, desa competitividade que xa se puxo en marcha este ano en determinadas ordes de axudas, non só no ámbito social, senón tamén no ámbito deportivo e para o vindeiro ano, de conformidade con esta ordenanza e co plan estratéxico, tamén se fará no ámbito cultural, para que todo sexa regulado e presidido pola transparencia, a igualdade e a competitividade. Parécelle ben que pida información do que se fixo durante estes dez anos (aínda que xa o podían ter pedido antes), pero hoxe vai someter a votación unha ordenanza que marca un antes e un despois, non só nesta Deputación, senón noutras, así como noutras administracións locais, xa que non existe outro modelo alternativo que supere na filosofía de concorrência competitiva a esta ordenanza.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

Título primeiro. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación das especialidades da tramitación, concesión, xustificación e control financeiro das subvencións outorgadas pola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

Deputación Provincial de Ourense e os seus entes públicos dependentes, no marco da lexislación estatal e autonómica aplicable ás subvencións locais.

Para os efectos da presente ordenanza, consideraranse subvencións as achegas en diñeiro sen contraprestación definidas como tales na lexislación vixente e efectuadas a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, ou de agrupacións sen personalidade xurídica.

Artigo 2. Atribucións para a concesión de subvencións.

1. A concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial corresponderalle ordinariamente á Xunta de Goberno, calquera que sexa a súa contía.

Non obstante, corresponderalle ao Pleno a concesión de subvencións de carácter plurianual, entendendo por tales aquelas nas que o gasto se impute ao exercicio ou exercicios seguintes aos da concesión da subvención. En consecuencia, e para os efectos previstos no presente artigo, non terán a consideración de subvencións plurianuais as que se tramiten de xeito anticipado, sempre que o gasto correspondente se impute ao exercicio orzamentario no que se produza o acto de concesión

As regras anteriores non serán de aplicación no suposto no que a lexislación vixente en materia de subvencións ou réxime local lles atribúa a competencia a outros órganos da Deputación.

2. A concesión de subvencións por parte de entes públicos dependentes da Deputación Provincial corresponderalles aos órganos que determinen os seus estatutos.

Artigo 3. Beneficiarios das subvencións.

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou polos seus entes públicos dependentes as persoas físicas e xurídicas que, cumprindo os requisitos xerais establecidos na lexislación vixente, se atopen empadroadas ou teñan o seu domicilio social na provincia de Ourense no momento de formular a súa solicitude.

Non obstante o anterior, poderá eximirse do requisito de empadroamento ou domicilio social na provincia nos supostos en que as subvencións concedidas teñan por obxecto a realización de actividades de interese xeral que se realicen na provincia de Ourense ou repercutan de xeito directo e efectivo no benestar dos cidadáns de Ourense.

2. Poderán tamén ser beneficiarias das subvencións, cando así se prevea nas bases reguladoras, as agrupacións sen personalidade xurídica, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, integradas por persoas que cumpran os requisitos sinalados no apartado anterior, e con suxeición, en todo caso, ao disposto para este tipo de agrupacións na lexislación sobre subvencións aplicable.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

Artigo 4. Obxecto das subvencións provinciais.

1. A Deputación Provincial e os seus entes públicos dependentes só poderán conceder subvencións para finalidades incluídas no ámbito das súas competencias.

2. Consideraranse incluídas no ámbito provincial de competencias as subvencións que teñan por obxecto as seguintes finalidades:

a) Cooperación no financiamento de obras e servizos de titularidade municipal. Poderán ser beneficiarias destas subvencións, ademais dos concellos, os consorcios, mancomunidades ou entidades locais de ámbito territorial inferior ao municipio.

b) Fomento da cultura ou protección, conservación ou difusión do patrimonio histórico – artístico.

c) Fomento do deporte.

d) Fomento da educación, en particular cando teña por obxecto accións que complementen a formación regrada das persoas de cara a mellorar a súa integración no mundo laboral.

e) Fomento do desenvolvemento económico da provincia, en particular cando teña por obxecto a promoción de recursos endóxenos non susceptibles de deslocalización.

f) Fomento do benestar social, en particular cando teña por obxecto o apoio á prestación de servizos sociais a colectivos desfavorecidos.

g) Fomento do asociacionismo veciñal.

3. As diferentes liñas de subvencións que se prevexan no plan estratéxico regulado no Título III deberán axustarse ás finalidades recollidas no apartado anterior, agás que xustifiquen a existencia dun título competencial contido nunha norma con rango de lei que habilite á Deputación ou aos seus entes públicos dependentes para a concesión de subvencións coa finalidade de que se trate.

Artigo 5. Publicidade das subvencións provinciais.

A Deputación Provincial de Ourense e as súas entidades públicas dependentes publicarán no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e na súa sede electrónica o listado íntegro das subvencións concedidas, con expresión da seguinte información:

a) Procedemento de concesión seguido

b) Liña do plan estratéxico á que corresponden

c) Convocatoria á que corresponden, se é o caso.

d) Programa e crédito orzamentario

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

f) Beneficiario

g) Contía

h) Finalidade

O dito listado será obxecto de publicación nos meses de maio, setembro e xaneiro, recollendo, respectivamente, as subvencións concedidas nos cuadrimestres inmediatamente anteriores.

Os listados publicados nas sedes electrónicas estarán dispoñibles para a súa consulta de xeito permanente a partir da súa publicación.

2. Non obstante o anterior, no suposto no que a publicación dos datos do beneficiario, por razón do obxecto da subvención, poida ser contraria ao respecto ao dereito á honra, a intimidade persoal ou familiar ou á propia imaxe das persoas físicas, o listado non incluírá os datos que permitan identificar ao beneficiario, expresando esta circunstancia e indicando, en todo caso, o número de expediente ao que corresponde a subvención de que se trate.

Título II. Dos procedementos de concesión de subvencións

Artigo 6. Procedementos de concesión de subvencións.

A Deputación Provincial e os seus entes públicos dependentes tramitarán e concederán as súas subvencións exclusivamente a través dos seguintes procedementos:

a) O procedemento de concorrencia competitiva, que será o procedemento ordinario de concesión.

b) O procedemento de concorrencia non competitiva.

c) Nominativamente, mediante a previsión específica da subvención nos orzamentos da Deputación Provincial ou dos seus entes públicos concedentes.

d) A través dos plans e programas de cooperación e asistencia a concellos e outras entidades locais.

e) Excepcionalmente, de xeito directo, cando existan circunstancias obxectivamente verificables que impidan a utilización do resto de procedementos.

Artigo 7. Do procedemento de concorrencia competitiva.

1. O procedemento de concorrencia competitiva consistirá na comparación das solicitudes presentadas, trala convocatoria pública previa formulada para o efecto, co fin de establecer unha prelación entre as ditas solicitudes de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras da convocatoria, e a adxudicación, co límite establecido na convocatoria dentro do crédito orzamentario dispoñible, da correspondente subvención a aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos ditos criterios.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

2. O procedemento de concorrencia competitiva estrutúrase en catro fases, de iniciación, instrución, avaliación e resolución.

3. O procedemento de concorrencia competitiva iniciarase sempre de oficio, mediante acordo do órgano competente para a concesión da subvención polo que se aproben as bases reguladoras do concurso e a súa convocatoria.

As bases reguladoras comprenderán as determinacións obrigatorias previstas na lexislación vixente, tendo en conta as seguintes regras especiais:

a) O prazo de presentación de solicitudes non poderá ser inferior a vinte días naturais, contados a partir da data da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Non obstante, e cando concorran razóns obxectivas debidamente xustificadas que aconsellen axilizar a tramitación do procedemento, este prazo poderá reducirse a quince días naturais.

b) As bases poderán establecer como obrigatoria a presentación telemática de solicitudes. Nestes supostos garantirase en todo caso a posibilidade de realizar a presentación telemática coa asistencia de persoal provincial e nas propias oficinas da Deputación ou dos seus entes dependentes, de xeito que non se produza ningún tipo de discriminación no acceso ás subvencións.

c) A tramitación electrónica do procedemento íntegro só poderá acordarse nos supostos previstos na Ordenanza provincial reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais.

d) Como regra xeral, os criterios de valoración das solicitudes deberán permitir a súa aplicación sen necesidade de recorrer a xuízos de valor, empregando fórmulas obxectivas de aplicación automática. Non obstante, cando pola natureza e obxecto da subvención non sexa posible empregar unicamente criterios puramente obxectivos, as bases poderán establecer criterios dependentes dun xuízo de valor, xustificándoo debidamente. Como regra xeral, a valoración destes criterios dependentes dun xuízo de valor deberá ser inferior á dos criterios de valoración obxectiva, agás no suposto excepcional no que só se empreguen criterios dependentes dun xuízo de valor.

e) A determinación da contía da subvención levarase a cabo aplicando os mesmos criterios de valoración establecidos para a selección dos beneficiarios. Non obstante o anterior, as bases poderán establecer topes máximos e mínimos da contía da subvención, ou prever a posibilidade de establecer tramos de contía idéntica para todos os beneficiarios incluídos en determinadas franxas de puntuación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

f) As bases determinarán con precisión cales serán as unidades administrativas encargadas da tramitación en cada caso, e incluírán un teléfono e un enderezo de correo electrónico para a formulación de consultas durante todo o procedemento.

g) As bases establecerán con claridade a documentación que debe presentarse tanto para a acreditación dos requisitos establecidos para seren beneficiario como para a acreditación dos méritos obxecto de valoración. No suposto en que sexa posible a comprobación de oficio dos datos correspondentes, as bases eximirán aos solicitantes da obriga de presentación da documentación, sempre que estes autoricen á administración provincial a obter de oficio a dita información.

En todo caso, as bases non lles esixirán aos solicitantes a presentación de documentos que xa obren en poder da administración provincial, sen prexuízo da posibilidade excepcional de esixir a súa presentación nos supostos de perda ou extravío deses documentos.

h) O trámite de emenda de deficiencias nas solicitudes entenderase referido, exclusivamente, á documentación relativa á personalidade do solicitante e ao cumprimento dos requisitos para seren beneficiario. En ningún caso se admitirá a emenda de deficiencias relativa á documentación cuxo contido deba ser obxecto de valoración no concurso.

i) As bases poderán establecer que a publicación na sede electrónica da Deputación substitúa ás notificacións aos interesados dos diferentes actos que se produzan no procedemento. Nestes supostos, as bases preverán o emprego de sistemas de comunicación telemática de alertas aos interesados cando se proceda á publicación dos actos administrativos correspondentes. Estas alertas en ningún caso constituirán notificación regulamentarias, sendo a súa única función a de facilitar o acceso á información publicada por parte dos interesados. O emprego destes sistemas de altera telemática non suporá ningún custo para os interesados, e requirirá por parte destes a posta a disposición da Deputación dun enderezo de correo electrónico.

k) As bases regularán a composición do órgano avaliador das solicitudes. A súa presidencia corresponderalle ao Presidente da Deputación, ou deputado no que delegue. A secretaría do órgano avaliador corresponderalle a un funcionario, con voz e sen voto, e coas funcións propias dun secretario de actas.

O número de membros do órgano colexiado con dereito a voto será sempre impar. Os vogais deberán ser persoas con coñecementos na materia a que se refira a subvención e nos aspectos legais e orzamentarios do procedemento de concesión de subvencións. Integrarán o órgano avaliador, en todo caso, un funcionario das áreas correspondentes a Secretaría Xeral,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

Intervención e á unidade administrativa competente por razón da materia á que se refiran as subvencións.

4. A instrución do procedemento corresponderalle en cada caso ao xefe da unidade administrativa que establezan as bases. A instrución comprenderá a comprobación de que as solicitudes presentadas cumpren cos requisitos esixidos para seren admitidas a trámite na convocatoria, así como a realización do trámite de emenda de deficiencias. A instrución rematará cun informe do xefe da unidade administrativa, no que se propondrá a admisión ou inadmisión a trámite das solicitudes, segundo proceda.

5. Unha vez instruído o expediente, este seralle remitido á comisión avaliadora, que procederá á valoración das solicitudes para as que o órgano instructor propoña a súa admisión a trámite. A comisión de avaliación formulará proposta de resolución, na que se incluírá a proposta de inadmisión a trámite das solicitudes que non cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, conforme co informe do órgano instructor, e a proposta de concesión e, se é o caso, denegación de subvencións, conforme coa valoración efectuada. No caso de que así se prevexa nas bases, a proposta incluírá unha lista ordenada de solicitudes denegadas por falta de crédito orzamentario, que quedarán en reserva para a concesión de subvencións no suposto de renuncia, anulación ou perda do dereito ás subvencións concedidas, indicando os criterios automáticos para a determinación da contía da subvención nestes casos por parte do órgano competente.

6. A resolución de concesión da subvención corresponderalle ao órgano competente conforme co establecido no artigo 2 da presente ordenanza. A resolución axustarase á proposta da comisión de avaliación, agás no suposto no que o órgano competente para resolver advirta a existencia na dita proposta de infraccións á normativa aplicable ou á establecida nas bases. Neste caso, o órgano competente devolveralle o expediente á comisión de avaliación, co fin de que esta formule unha proposta alternativa emendando os vicios de legalidade advertidos. No suposto en que o órgano competente considere que a proposta alternativa tamén infrinxe a normativa vixente ou as bases do concurso, poderá resolver afastándose da proposta da comisión na medida necesaria para proceder á emenda dos defectos legais advertidos, tralos os informes previos que se consideren oportunos.

7. Nos supostos previstos na lexislación vixente, levarase a cabo un trámite de audiencia aos interesados, unha vez formulada a proposta de resolución pola comisión de avaliación, que nestes casos terá carácter provisional. O trámite de audiencia consistirá na posta do expediente a disposición dos interesados durante un prazo de dez días hábiles, durante o cal estes poderán

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

formular as alegacións que consideren pertinentes. As alegacións serán resoltas pola comisión de avaliación na proposta de resolución definitiva.

8. As bases da convocatoria poderán prever un trámite de reformulación de solicitudes nos supostos en que a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades do solicitante e o importe da subvención cuxa concesión se propoña sexa inferior ao solicitado. O obxecto do trámite de reformulación será o de permitirlle ao solicitante adaptar o seu proxecto de actividade ao importe proposto. A reformulación será incluída na proposta de resolución, sempre e cando se axuste aos requisitos, obxecto e finalidade da subvención, e non supoña a alteración dos criterios de valoración aplicados.

9. As normas do procedemento de concorrencia competitiva serán de aplicación para a concesión de bolsas e premios de contido económico por parte da Deputación ou os seus entes públicos dependentes, coas especialidades seguintes:

a) Nos procedementos de concesión de toda clase de premios, a comisión de valoración será substituída por un xurado, integrado por persoas de recoñecido prestixio do ámbito de actividade de que se trate. A presidencia do xurado poderá corresponderlle ao presidente da Deputación ou deputado no que delegue. A secretaría do xurado será exercida por un funcionario da Deputación, con voz e sen voto.

b) A valoración do xurado poderá basearse en criterios subxectivos de valoración, de carácter discrecional, en particular nos premios de carácter literario, artístico, cultural ou científico, e sen prexuízo da necesaria motivación do fallo de xurado.

c) As bases das convocatorias de premios poderán establecer disposicións que garantan o anonimato dos concursantes ata o momento en que se dea a coñecer a proposta do xurado.

Artigo 8. Do procedemento de concorrencia non competitiva.

1. O procedemento de concorrencia non competitiva consistirá na concesión de subvencións mediante convocatoria pública, sen realizar unha comparación entre as solicitudes nin establecer una prelación entre elas. Neste procedemento, todos os solicitantes que cumpran os requisitos legais terán dereito á concesión das subvencións correspondentes, dereito que, non obstante, quedará condicionado pola contía global máxima prevista na convocatoria, conforme coas modalidades de concesión previstas no apartado seguinte.

2. A concesión das subvencións, nestes procedementos, poderá realizarse en calquera das dúas modalidades seguintes, segundo establezan as súas bases reguladoras:

a) Mediante o rateo, a partes iguais, do importe global máximo das subvencións previsto na convocatoria. Esta será a fórmula ordinaria de concesión destas subvencións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

b) Mediante a asignación individualizada a cada beneficiario dunha contía fixa, predeterminada nas propias bases. Esta fórmula poderá empregarse no suposto no que se estime necesario garantir un importe mínimo da subvención para asegurar a súa eficacia na consecución dos obxectivos para os que esta se concede. Nos supostos en que o número de solicitudes non permita outorgar a subvención pola contía fixa predeterminada nas bases a todos os solicitantes admitidos a trámite, as bases deberán establecer os criterios obxectivos en virtude dos que procederá a denegación da subvención a aqueles solicitantes para cuxas peticións non existan crédito orzamentario suficiente. Estes criterios serán de aplicación automática, podendo consistir na orde cronolóxica de presentación de solicitudes ou en determinadas circunstancias obxectivas dos solicitantes en función das que se poida establecer unha orde de prioridade entre eles.

3. O procedemento de concorrencia non competitiva poderá empregarse unicamente naqueles supostos nos que se xustifique que, polo obxecto e natureza das subvencións, a comparación entre solicitudes non é necesaria, por teren as actividades, comportamentos ou situacións que determinan a concesión da subvención un carácter substancialmente semellante para todos os potenciais beneficiarios, e as posibles diferenzas entre as actividades, comportamentos ou situacións que constitúan o obxecto da subvención sexan irrelevantes para as finalidades desta.

4. Serán de aplicación a estas subvencións as normas de tramitación propias do procedemento de concorrencia competitiva, agás aquelas que sexan incompatibles coa natureza non competitiva do procedemento. En particular, neste procedemento non existirá órgano de avaliación, correspondendo a formulación da proposta de resolución á Presidencia, tralo informe previo da unidade administrativa que instrúa o expediente.

Artigo 9. Das subvencións nominativas.

1. Son subvencións nominativas aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario estean expresamente determinados no estado de gastos dos orzamentos da Deputación ou dos seus entes públicos dependentes.

Non obstante o anterior, a mera previsión da subvención nos orzamentos non implica a súa concesión, senón unicamente a habilitación para a súa concesión directa. A dita concesión deberá realizarse polo órgano competente unha vez tramitado o procedemento previsto no apartado 3 do presente artigo.

2. A contía global das subvencións nominativas previstas nos orzamentos non poderá exceder do 20% do importe total das subvencións previstas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

3. O procedemento de concesión das subvencións nominativas iniciarase de oficio ou a pedimento do interesado, e terá por obxecto a comprobación da concorrencia dos requisitos legais para obter a condición do beneficiario, e a adecuación do proxecto, actividades, comportamento ou situación do potencial beneficiario ao obxecto previsto nos orzamentos. Para tal efecto, o interesado deberá presentar ante a Deputación a documentación acreditativa destes extremos.

A resolución na que se conceda a subvención establecerá as condicións concretas a que queda sometida a subvención, conforme co previsto na lexislación vixente, e, en particular, os seus prazos de xustificación e pagamento, así como o réxime de garantías en caso de pagos anticipados.

Artigo 10. Da concesión de subvencións a través de plans ou programas de cooperación con entidades locais.

1. As subvencións que teñan por obxecto o financiamento de obras ou servizos municipais ou doutras entidades locais concederanse a través de plans ou programas de cooperación con entidades locais, que establecerán procedementos de concorrencia competitiva ou non competitiva, podendo adaptar a normas xerais destes procedementos previstas na presente ordenanza ás peculiaridades das accións de cooperación de que se trate. As ditas regras especiais respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, transparencia, publicidade, obxectividade e non discriminación, así como os principios de eficacia e eficiencia.

Sen prexuízo do anterior, o disposto nos artigos 7 e 8 da presente ordenanza será de aplicación subsidiaria a estas subvencións, no non previsto nos plans ou programas de cooperación.

2. A aprobación dos plans e programas de cooperación corresponderalle ao Pleno da Deputación. Na súa tramitación incluírase un trámite de información pública, por prazo mínimo de dez días hábiles, durante os que os concellos ou entidades locais interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación.

3. A competencia para a concesión das subvencións previstas nos plans ou programas de cooperación poderá corresponderlle á Xunta de Goberno ou á Presidencia, segundo estableza o respectivo plan ou programa.

4. O disposto no apartado 1 do presente artigo enténdese sen prexuízo da posibilidade da concesión de subvencións nominativas aos concellos e outras entidades locais para o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

financiamento de obras ou servizos da súa competencia, dentro dos límites previstos no artigo 9.2.

Artigo 11. Da concesión directa de subvencións.

1. A concesión directa de subvencións que non teñan carácter nominativo só procederá cando existan razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que impidan a súa convocatoria pública ou a súa concesión como subvencións nominativas.

A concorrencia destas circunstancias deberá acreditarse no expediente.

2. O procedemento de concesión destas subvencións iniciárase sempre de oficio, trala constatación previa da concorrencia das circunstancias habilitantes da concesión directa. As solicitudes que poidan dirixirse aos diferentes órganos da Deputación en demanda deste tipo de subvencións non darán lugar ao inicio do procedemento, e terán a consideración de solicitudes formuladas no exercicio do dereito de petición previsto no artigo 29 da Constitución.

A providencia de inicio do expediente corresponderalle á Presidencia, sen prexuízo da competencia da Xunta de Goberno ou do Pleno para a concesión da subvención, segundo proceda. A dita providencia deberá motivar a acreditación da concorrencia das circunstancias habilitantes da concesión directa da subvención.

3. Na tramitación destas subvencións serán de aplicación, no non previsto neste artigo, as normas de procedemento de concesión das subvencións nominativas.

Título III. Do plan estratéxico de subvencións.

Artigo 12. Definición do plan estratéxico. Carácter preceptivo do plan estratéxico.

1. A Deputación Provincial e os seus entes públicos dependentes deberán proceder á elaboración e aprobación dun plan estratéxico de subvencións, como instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento de actividades de utilidade pública ou interese social. Potestativamente, poderán aprobarse plans estratéxicos de carácter sectorial, referidos a ámbitos de actuación específicos.

Os plans estratéxicos de subvencións deberán ser coherentes cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da Deputación Provincial.

2. Os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia mínimo dun ano e máximo de catro.

3. Os plans estratéxicos de subvencións terán o seguinte contido:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

a) Obxectivos estratéxicos, describindo o efecto e impacto que se espera acadar coa acción institucional durante período de vixencia do plan. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ao mercado, deberán identificarse os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei xeral de subvencións.

b) Liñas de subvención nas que se concrete o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os aspectos seguintes:

1º.- Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas.

2º.- Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.

3º.- Prazo necesario para a súa consecución

4º.- Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas administracións públicas e doutros órganos públicos ou privados que poidan participar nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, lles correspondan aos beneficiarios das subvencións.

5º.- Plan de acción, no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións previstas no plan, delimitando as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión, o calendario de elaboración e, se é o caso, os criterios de coordinación entre as distintas administracións públicas para a súa xestión.

c) Réxime de seguimento e avaliación das diferentes liñas de subvencións que se establezan.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores, se é o caso.

4. Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio. Sen prexuízo do anterior, a aprobación e publicación do plan estratéxico será requisito indispensable para a tramitación de calquera expediente de concesión de subvencións, agás nos supostos de subvencións que se concedan para a atención de situacións sobrevidas de catástrofe ou calamidade pública.

Artigo 13.- Competencia e procedemento de aprobación.

Os plans estratéxicos de subvencións serán formulados pola Presidencia, que os someterá a un trámite de información pública por prazo de vinte días hábiles, durante o que os interesados poderán formular as alegacións e suxestións que estimen procedentes. Unha vez concluído este trámite, e tralos informes previos que a Presidencia considere oportunos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

formularase unha proposta de aprobación, na que se incluíra a resolución expresa das alegacións e suxestións formuladas.

O plan aprobado será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación e dos seus entes públicos dependentes, de ser o caso. Anualmente se realizará a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible.

Artigo 14. Avaliación e seguimento.

No primeiro cuadrimestre de cada exercicio, a Área de Administración Xeral emitirá un informe de seguimento da execución do plan no exercicio anterior, no que se analizará o grao de execución do plan, as principais incidencias detectadas e o grao de consecución dos obxectivos. Deste informe daráselle conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión que celebre con posterioridade á súa emisión.

Título IV. Da xustificación e pagamento das subvencións.

Artigo 15. Da xustificación.

1. A xustificación das subvencións rexerase polo establecido na vixente lexislación sobre subvencións públicas, de conformidade coas regras específicas que establezan anualmente as bases de execución dos orzamentos e as propias bases reguladoras de cada subvención.

En todo caso, teranse en conta as seguintes regras especiais:

a) No caso de subvencións que teñan por obxecto a execución de proxectos ou actividades, a xustificación deberá referirse ao mesmo proxecto ou programa de actividades para o que se concedeu a subvención, con respecto do cal só se admitirán variacións que non teñan carácter substancial nin afecten aos criterios de valoración tidos en conta para a concesión da axuda. En todo caso, a modificación do proxecto ou programa de actividades requirirá autorización previa do órgano competente para a concesión da subvención.

b) Para considerar xustificada a execución do proxecto ou programa de actividades, deberá acreditarse a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos supostos en que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención, nos que procederá a perda total do dereito á subvención.

2. O acto administrativo polo que se declare xustificada a subvención notificaráselles aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo de pagamento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederáse a incoación do expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de reintegro ou perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

3. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

Artigo 16. Do pagamento das subvencións.

1. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

2. Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagamentos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100 % do anticipo solicitado.

Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dous ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2 % dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante. Para tal efecto, as entidades locais deberán achegar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

Disposición adicional primeira

As axudas en especie que poida conceder a Deputación, consistentes na posta a disposición de terceiros de bens, dereitos ou servizos, con carácter gratuíto, rexeranse pola lexislación patrimonial das administracións públicas que sexa de aplicación. A presente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

ordenanza só será de aplicación con carácter supletorio, para resolver as dúbidas ou lagoas que presente a dita lexislación.

Disposición adicional segunda

Anualmente, as bases de execución dos orzamentos da Deputación e dos seus entes públicos dependentes poderán desenvolver as previsións desta ordenanza, en particular nas materias reguladas no título IV. En ningún caso as bases de execución poderán conter normas contrarias ás da presente ordenanza.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas normas de igual rango xerárquico se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto na presente ordenanza.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre e cando transcorresen os prazos establecidos no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei reguladora das bases do réxime local; no seu defecto, entrará en vigor ao día seguinte do transcurso dos ditos prazos.

2º) Someter o presente acordo a información pública, por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes, que serán obxecto de resolución expresa mediante acordo do Pleno. No caso de non formularse reclamacións nin alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, procedéndose á publicación do texto íntegro da ordenanza no BOP.

5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE ENTRIMO TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE ACTOS ADMINISTRATIVOS.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que votarán a favor, como sempre fan con cuestións como esta que é unha facultade dos concellos para delegar as súas competencias. En relación co punto anterior, di que cando escoita ao Sr. presidente non sabe se está soñando ou lle pasa algo raro. Non sabe se os seus compañeiros

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

teñen a mesma opinión, pero o Sr. presidente formula cuestións que son, cando menos, fantasías. Está dicindo que son pioneiros e preguntase pioneiros en qué.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que este tema xa se debateu e que se limite a falar do Concello de Entrimo. El falou, antes de sometelo a votación, do asunto que se estaba a tratar, polo que lle pide ao Sr. Gómez Pérez que fale do asunto que se está a tratar neste momento, do contrario verase obrigado a retirarlle a palabra.

Continúa o **Sr. Gómez Pérez** dicindo que só era para facer un apunte que o Sr. presidente ten que ter en consideración, porque sempre di que a oposición non achega nada, e cando falou do ámbito social

Volve intervir o **Sr. presidente** para dicirlle ao Sr. Gómez Pérez que ese asunto non se está a tratar e que é unha cuestión de mecánica democrática.

O **Sr. Gómez Pérez** di que mecánica democrática será falar.

O **Sr. presidente** di que por suposto, pero falar do tema que nos ocupa e que está na orde do día, algo que non está a facer o Sr. Gómez Pérez.

O **Sr. Gómez Pérez** preguntalle á Presidencia cantos minutos ten para falar neste punto.

O **Sr. presidente** responde que ten oito minutos para falar do punto da orde do día.

O **Sr. Gómez Pérez** di que se perde a cabeza e se lle dá por falar do tempo pregunta se lle van impedir que fale.

O **Sr. presidente** responde que si, e preguntalle se non sabe que o pode chamar a cuestión. Porque unha cousa é chamar á orde e outra chamar a cuestión.

O **Sr. Gómez Pérez** di que el non estaba a falar do sexo dos anxos, senón que falaba doutras cousas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Prodúcese un mal entendido en canto á votación, dado que ao proclamar o seu resultado o Sr. presidente, por un erro, esqueceu computar os votos favorables emitidos polos deputados do Grupo Socialista, o Sr. Gómez Pérez protesta, entón o Sr. presidente dille que se quere que lle explique como é o trámite, xa que se pode anunciar unha cousa e despois votar a contraria.

Prodúcese un intercambio de palabras entre o Sr. presidente e o Sr. Gómez Pérez e finalmente o Sr. presidente dille que se pode anunciar unha cousa e despois votar a contraria e pedir explicación de voto para xustificar o cambio. Dille tamén ao Sr. Gómez Pérez que no seu día votou a favor do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

Continúa o Sr. Gómez Pérez manifestando a súa protesta e o Sr. presidente dille que o vai ter que chamar á orde, aínda que non saiba o que é.

Para finalizar, o Sr. presidente volve someter o asunto a votación e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Entrimo ten atribuídas en materia de recadación dos gastos derivados da execución subsidiaria de actos administrativos, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 27 de setembro de 2013. A dita delegación rexerá polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

6º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. SERAFÍN MANUEL SUÁREZ SANTALICES CONTRA A DECLARACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN EN CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 84/2010 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 2 DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións, e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Desestimar o recurso de reposición interposto por don Serafín Manuel Suárez Santalices, contra a declaración da necesidade de ocupación adoptada por acordo do Pleno da Deputación na sesión do 26 de xullo de 2013, en cumprimento da sentenza n.º 84/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Ourense, baseándose nos seguintes motivos:
 - a) Con respecto á reclamación de que se expropian as porcións de terreo laterais da parcela n.º 5101 (parcelas n.º 2443 e 2444 do polígono 519), desestímase por canto a dita pretensión non se axusta ao disposto na resolución da sentenza n.º 84/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Ourense, que establece a obriga de expropiar a vivenda, non as parcelas que se atopan a carón dela.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

- b) En canto á solicitude de expropiación da totalidade da parcela n.º 2425, o acordo recorrido xa incluíu a superficie indicada polo expropiado, así como as árbores de diámetro entre 50 e 10 cm e o resto de plantacións inferiores a 10 cm (incluíndo 125 árbores). Polo que respecta ao muíño, o acordo de necesidade de ocupación impugnado xa inclúe os muros do dito muíño, que está en estado ruinoso. Por conseguinte, procede a desestimación da reclamación do expropiado, por canto a totalidade dos bens e dereitos existentes na parcela xa foron incluídos no acordo impugnado.
- c) En relación coa alegación de que se vulnerou o procedemento ao non terse levantado “acta previa a ocupación”, desestímase por canto que a dita acta procede levantalas cando se utiliza o procedemento expropiatorio de urxencia, recollido no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e neste caso utilizouse o procedemento ordinario. A acta de ocupación correspondente levantarase no momento en que se proceda á dita ocupación.

7º.- MOCIÓN DO BNG PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra o Sr. Rodríguez Puga para que expoña o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas. Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo repagamento para os medicamentos que supón, de facto, un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular, etcétera, as persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste ata o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas. O feito de que a cronicidade se asocie a pluripatoloxía e polimedicación fai que os 4,20 euros haxa que multiplicalos por varios cada mes. Esta medida, ademais de constituír un ataque á maioría social, resulta: 1º.- Inxusta xa que supón un novo imposto que grava a utilización de medicamentos ás persoas con enfermidades crónicas e de extrema gravidade, cuxa saúde pode sufrir un grave quebranto se non se toman. Resulta paradoxal a aplicación desta nova taxa que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

afectará fundamentalmente aos grupos sociais máis débiles mentres se manteñen as desgravacións fiscais aos sectores economicamente máis poderosos ou se amnistía aos defraudadores. 2º.- Contraria á Constitución e á Lei xeral de sanidade que garanten o acceso á atención de saúde en condicións de igualdade. Este novo repago supón unha nova barreira para o acceso ao tratamento a persoas con graves problemas de saúde, que repercuten na maioría dos casos sobre a súa capacidade económica, nuns momentos en que a crise está reducindo a capacidade adquisitiva de toda a poboación. 3º.- Consideran que é irracional porque terá unha escasa capacidade recadadora para o sistema e desde logo non modulará a súa utilización inadecuada, dado que a responsabilidade da prescrición destes tratamentos están en mans do persoal hospitalario sen que o paciente inflúa para nada nela. A dispensación de medicamentos na farmacia hospitalaria débese ao carácter do propio fármaco, sexa por ser dun prezo moi elevado ou para un maior control do medicamento debido aos riscos para a saúde dos propios pacientes por posibles efectos secundarios. Se había algunha dúbida, e así foi argumentado polo Partido Popular, sobre o sobreconsumo dos medicamentos ambulatorios, os que se dispensan no hospital son prescritos polos médicos (igual que os outros) e supervisados polos farmacéuticos do hospital. Os pacientes non pintan nada na decisión do seu consumo pero parece que o Partido Popular quere facelos responsables e culpables da súa enfermidade. 4º.- Consideran que é chapuceira xa que carece de memoria económica que especifique cal será a súa capacidade recadadora e tampouco se coñece como se calculará a achega dos pacientes dada a diversidade de envases hospitalarios. Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1º.- Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo repagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas. 2º.- Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país. 3º.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, manifesta que ao Partido Socialista cando abordan o tema dos recortes contundentes dos gobernos do PP gústalles falar de persoas, de historias cotiás. Ao grupo de goberno é evidente que lle gustan os números, cadrar as contas, e aforrar a costa dos máis débiles (adiántase ao que vai dicir o Sr. Álvarez Dobaño). Pero ao PSOE, como partido progresista e defensor das políticas sociais, impórtanlle os seres humanos. E hoxe cando falamos de copago farmacéutico en hospitais impórtalles o que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

hai detrás de cada afectado, detrás de cada persoa que padece unha enfermidade crónica, cancro ou hepatitis C. Resulta esperpéntico que unha persoa que teña un tumor cerebral e que, na maioría dos casos ten unha esperanza de vida de 14 meses, teña que pagar 4,2 € por envase para tratar a súa enfermidade. É perverso tamén que unha muller de 67 anos diagnosticada con cancro de mama teña que pagar os medicamentos para o soporte dun tratamento de quimioterapia: antieméticos (náuseas e vómitos), analxésicos, protector de estómago, laxante e para a mucosite. Ademais esta paciente, se recibiu radioterapia, necesita crema para a pel irradiada e tratamento de dermatite. Vive nun pobo a 100 quilómetros do hospital e os gastos engloban os fármacos relacionados coa quimioterapia e radioterapia durante 8 meses. Os gastos totais andarían polos 2.000 euros. A argumentación do PP respecto do copago farmacolóxico non ten xustificación. Escúdanse en dúas razóns: a económica e a disuasoria. Respecto á económica e ao posible aforro, dicir que non é significativo. Segundo a Asociación de Farmacéuticos Hospitalarios (que están en contra da medida, por certo) o aforro estimado é de entre 200.000 e 300.000 euros. Non ten sentido cargar contra os enfermos crónicos cando estas contías son tan ínfimas. Se os xestores do PP queren aforrar, que o fagan en partidas non tan necesarias en épocas de austeridade como poden ser as campañas publicitarias. Os feitos están aí: lembremos que a campaña da prescrición por principio activo custou dous millóns de euros e a do Hospital de Vigo, que era simplemente para recalcar que era público tivo un custo de 1 millón de euros. Un verdadeiro sen sentido. Non podemos esquecer que a implantación do copago farmacéutico en hospitais terá un custo engadido porque hai que adaptar a farmacia hospitalaria para facturar os medicamentos. A posta en marcha do proceso administrativo ten uns gastos que non podemos esquecer. O segundo factor é o efecto disuasorio, e pensa que está errado porque o importante é que cumpran o tratamento e non dificultar o acceso aos medicamentos. Segundo o PP, nun claro intento de manipular a información, os 4,2 euros que pagan os pacientes crónicos polo envase entran dentro dos 8 euros ao mes que pagan os pensionistas. Pero hai que ter en conta que moitos dos enfermos crónicos non son pensionistas porque aínda están en activo. En moitos casos trátase de enfermos moi graves que aínda non perciben ou non chegaron a percibir formalmente unha pensión. Respecto aos casos que se están a producir nos concellos de Lugo que xa anunciaron que asumirán o copago de fármacos, queren recalcar que esta situación ven provocada polo deixamento que fai a administración autonómica das súas funcións, recaendo así nas arcas municipais. A Xunta ten que cumprir coas súas obrigas e non os concellos, aínda que están de acordo en que en casos graves os concellos se fagan cargo da axuda aos que máis o precisen a través da partida de emerxencia social. No

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

PSOE non acaban de entender a postura cruel, miserable e mesquiña dos gobernantes da Xunta, que se escudan en que teñen que cumprir a lei. Pero hai que ter en conta que as medidas que desenvolve o Decreto de 2012 non teñen rango de lei. Miren, por exemplo, a postura do Goberno do PP en Castela-León que pide a derogación da resolución de setembro de 2013, así como outras comunidades autónomas como Asturias ou Andalucía.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Morenza que espera que hoxe non acerte, xa que dixo que se anticipaba ao que el ía dicir. O novo modelo de achega do usuario en farmacia está regulado no Real decreto lei 16/2012, de abril, de medidas urxentes para garantir a sostibilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións. Esta norma introduce, por primeira vez, criterios de equidade que demandan os cidadáns, de eficiencia que esixe o Tribunal de Contas e de seguridade que demanda o sector sanitario. Polo tanto, a introdución da achega do usuario en fármacos que se dispensan na farmacia hospitalaria non é unha novidade. A resolución do Ministerio de Sanidade, publicada no BOE do 19 de setembro, ten por finalidade asegurar que en todos os medicamentos que se dispensan na farmacia do hospital para uso no domicilio (non os que se administran no hospital) e nos que poida haber achega do usuario, esta sexa unha achega reducida. A achega que terá que realizar o usuario será dun 10% do prezo de venda ao público do medicamento, ata un tope máximo de 4,20 euros por envase, con independencia de se o paciente é activo ou pensionista. Así, se un medicamento custa 20 euros, o usuario pagará 2, pero se, como ocorre en moitos casos, o medicamento custa varios centos ou miles de euros, o usuario achegará 4,20 euros. Na lista hai exemplos como o *antiviral*, cun prezo superior aos 8.000 euros, polo que o usuario achegará unha mínima cantidade (0,05%). Quere deixar claro que os medicamentos dispensados no hospital aos usuarios para a administración no seu domicilio, forman parte da prestación farmacéutica, do mesmo xeito que os que se lle dispensan na oficina de farmacia, e os topes mensuais de achega por prestación farmacéutica serán únicos. É dicir, para os usuarios incluídos no grupo con tope de 8,14 euros/mes non terán que achegar máis cartos unha vez alcanzada esa cifra, sumadas as achegas feitas tanto na farmacia hospitalaria como nas oficinas de farmacia. Ademais, os usuarios actualmente exentos de achega polos medicamentos dispensados nas oficinas de farmacia, estarán igualmente exentos de achegar nos medicamentos que se dispensen no hospital. Pide que todos sexamos críticos, as reivindicacións son xustas, pero hai que dar todos os datos non só os que interesa para alarmar. Esta normativa, impulsada polo Ministerio de Sanidade, é de carácter básico e de obrigado cumprimento e as normas hai que cumprilas aínda que non gusten. Actualmente en Galicia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

estase a traballar na data de entrada en vigor e aplicación desta medida (canto máis tarde mellor). Anuncia o voto en contra da moción, porque entenden que estas propostas deben presentarse e defenderse nos parlamentos. A Sra. Morenza dixo que ao Partido Popular non lle importan as persoas, e aínda que só sexa por egoísmo si que lles importan, xa que eles tamén son persoas, e se así non fose os cidadáns falarían doutro xeito.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que as normas as fan os homes, só Deus lle deu os mandamentos a Moisés e os tivo que cumprir. A política de recortes do Partido Popular está afectando a tres niveis: orzamentario, de persoal e de prestacións, o que está a afectar, de xeito especial, aos sectores da poboación máis vulnerables. O SERGAS está diminuindo a carteira de prestacións, reducindo o persoal dos distintos centros. Non só reduce a cantidade da atención senón tamén a calidade xa que desaparece a atención preventiva. Remítese ás mulleres para os exames de saúde aos centros de saúde pero ninguén asegurou que os centros estivesen capacitados profesionalmente ou por dispoñibilidade de recursos e tempo para poder ofrecer esta atención. Os/as pacientes con toxicomanías e trastornos aditivos que ven como cada ano se van reducindo os centros e os recursos. Sen piedade vemos reducións anuais de 40-50% nos orzamentos. Desapareceu a prevención nesta área, agora tócalle tamén á asistencia. Os recursos de tratamento de crónicos en saúde mental son cada vez máis dos que as familias organizadas poden ofrecer. O SERGAS parece que tamén renuncia á atención destes pacientes. Quedan fóra do sistema todos os inmigrantes irregulares ou aquelas persoas maiores de 26 anos que non cotizan á seguridade social e superan unha renda determinada. Aínda que todas estas persoas estean pagando impostos indirectos, os inmigrantes, e directos e indirectos o resto, quedarían fóra da cobertura pública. Non lle importa tampouco ao goberno a repercusión sobre a saúde individual destas persoas nin a posible afectación da saúde pública pola posible transmisión de enfermidades infecciosas non detectadas nin tratadas ao debido tempo. A redución de orzamentos repercute no mantemento das instalacións e a tecnoloxía, na adquisición de material, financiamento de próteses, en todo. O primeiro e principal obxectivo do SERGAS é o aforro e iso produce unha limitación do acceso dos pacientes a probas complementarias e a especialistas, xa que se aplican filtros que dificultan esa atención. No sistema sanitario galego a redución de servizos públicos camiña paralela a unha maior privatización. Feijoo anunciouno na presentación do plan estratéxico do SERGAS: incrementar as oportunidades de negocio privado e parece que quere ser o primeiro da clase entre os colegas do PP. Empezou coa concesión do hospital de Vigo a empresas privadas. Estas tiveron problemas para conseguir financiamento e o propio SERGAS asumiu ese financiamento sen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

que por iso se vaia reducir o canon que teremos que pagar a estas empresas durante 20 anos. Iso si que é un negocio. Entregoulle á empresa privada a loxística e mantemento dos centros sanitarios, a reposición de material sanitario e non sanitario e agora está ofrecendo un contrato á privada para o mantemento e toma de decisión de adquisición de tecnoloxía. Este goberno é insaciable na entrega de recursos públicos á empresa privada, da que por outra parte practicamente non se beneficia ningunha empresa. Diante desta situación, o BNG está a abandeirar, nos concellos onde goberna, a asunción do repago de medicinas da veciñanza. A pesar de que os concellos teñen xa bastantes problemas financeiros para ter que asumir custos que non lles corresponden, entenden que dada a decisión da Xunta, pode ser a única axuda para persoas en situación de emerxencia social que o PP deixa sen cobertura e castiga cun repago inxusto e permite que, polo menos, os/as pacientes poidan continuar coa súa medicación.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que o Sr. Álvarez Dobaño fala de obrigado cumprimento e ela xa dixo antes que iso era unha resolución, polo que pedía que o Partido Popular siga o exemplo das comunidades de Asturias, Aragón, Baleares, Canarias, Cataluña, Euskadi, Murcia e Navarra que están a pedir a derogación. O mesmo portavoz do Grupo Popular recoñeceu que canto máis tarde mellor, pero na súa man está pedir a derogación desa resolución. Ao Grupo Socialista non lle gustan as desigualdades e con este repagamento (que abrangue todo, como educación, sanidade) estanse a producir. O establecemento da achega do usuario para medicación supón unha discriminación entre os pacientes en quimioterapia de administración intravenosa (que é gratis nos hospitais) fronte á administración oral que se fai nos domicilios e non é gratis. Isto é desigualdade, discriminación e crueldade. É importante prestarlles atención, falando do copago, aos casos máis vulnerables (pensionistas, polimedicados, situacións económicas precarias), xa que un incremento do copago nas prestacións no caso de enfermos de cancro, podía levar incluso ao abandono do tratamento, con risco para a supervivencia do paciente, coa conseguinte diminución da súa calidade de vida ao non poder custear o tratamento. Por iso o Grupo Socialista fala de persoas e ao Partido Popular interésanlle máis as cifras porque así o están demostrando. Hai que ter en conta tamén que esta medida levará a ter máis ingresos hospitalarios, pola descompensación das súas enfermidades. Isto é só o principio, porque o copago farmacéutico é a primeira parte do Decreto de 2012, xa que están previstas máis medidas restritivas respecto dos elementos ortoprotésicos e de alimentación. No que se refire á alimentación, e xa imos anticipando, o efecto será devastador para a saúde e a calidade de vida das persoas enfermas, dos maiores A nutrición por sonda terá que ser substituída polos purés, como se facía antigamente. Este tipo de alimentación (por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

sonda) xa ven preparada coa cantidade exacta de nutrientes que se precisan e non vai poder ser asumido por moitos afectados, coas consecuencias de retroceso alimentario e desnutrición. Estas son as medidas do Decreto 2012.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, quere lembrar de novo, e sen ánimo de facer demagogia, que varios destes medicamentos estiveron en oficina de farmacia ata hai pouco, polo tanto había que aplicarlles o copago, e despois, coa recomendación das comunidades autónomas, trasladáronse aos hospitais. Pídelle á Sra. Morenza que non alarme. O Partido Popular respecta a autonomía local dos alcaldes que decidiron pagar o copago dos veciños con enfermidades graves. Algúns partidos políticos están a converter aos concellos na súa fronte para atacar aos gobernos do PP. Non pode ser que algúns alcaldes critiquen a falta de recursos públicos e, pola contra, eles os dediquen a competencias que non son municipais. Non se entende que pidan que a Xunta asuma as competencias en centros de saúde ou drogodependencias e, pola contra, eles agora asuman competencias impropias como este gasto farmacéutico. Un novo líder emerxente, o Sr. Besteiro, hai poucos días dixo: é unha situación moi complicada onde quen ten que dar resposta é quen ten as competencias (en referencia ao Estado). Ata o secretario xeral do PSdeG.-PSOE reconece que este non debe ser o papel dos concellos. Pide que se reivindicque nas administracións que son competentes e fundamentalmente nos parlamentos, que para iso están.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o PP tamén decide pagar nos concellos, entón están indo contracorrente, polo que lles pide que se aclaren, porque ultimamente nesta Deputación se está a ir a contracorrente do que deciden os seus propios alcaldes. Estes acontecementos estalle a dar a razón ao BNG de que este ente cada vez ten menos valor, porque cada vez máis a xente vai á súa bola. Pregúntase se o repago supón un aforro para a xestión sanitaria pública e se ese aforro en gasto farmacéutico era necesario para manter o sistema. O propio Ministerio reconece que o aforro será mínimo xa que se vai cobrar 4,20 euros por caixa cando poden ser medicamentos de centos ou máis de mil euros. Ridículo como aforro pero un serio problema previsiblemente para moitos pacientes. As administracións locais, ben sexan municipais ou provinciais, temos unha responsabilidade contraída cos nosos veciños e veciñas, de aí que sexa absolutamente necesario presionar para que os gobernos central e galego respecten os seus dereitos e para asegurar a aplicación de políticas máis solidarias e máis xustas para toda a poboación. Desde esta Deputación, que é o concello dos concellos, habería que empezar a dar exemplo e non que sexan algúns alcaldes os que lle están dando exemplo a este concello de concellos, tomando medidas porque ven que os seus veciños

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

as precisan, e non por capricho nin por atribución de competencias impropias. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que, xa que é alcalde e que goberna na claridade e non na sombra, sabe mellor que el o que pasa. Eles están para facer leal oposición e para coidar aos veciños e ás veciñas. Para concluír di que queren facer un chamamento á Consellería de Sanidade para que free a aplicación do repago nos hospitais galegos, dado que pode repercutir de xeito moi importante sobre a saúde de moitas persoas con graves problemas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE DIVERSOS PROXECTOS EUROPEOS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, espera que agora poida falar do que entende o presidente que interesa, porque este asunto igual tampouco lle interesa. Pasamos de non hai nada que investigar en palabras do Partido Popular a crear una comisión de investigación que xa propuxera o Grupo Socialista, e despois o presidente di que o Grupo Socialista non propón nada, entón é lóxico que se indigne, porque o Grupo Popular sempre vai mellorar o que eles propoñen. En marzo de 2012 o Grupo Socialista dicía que se tiña que crear unha comisión de investigación non só para os proxectos Deputrans e Daredo, senón tamén para outros. Eles presentaran os informes pertinentes que viñan de Facenda (algún desta sala levou unha sorpresa) nos que apuntaba que había que facer descertificacións doutros proxectos europeos. Tamén se apuntaban outras cuestións relativas á contratación e aos procedementos que se levaron a cabo nos diversos procesos para adxudicar programas europeos. Pero naquel momento, os señores do Partido Popular, que sempre dan clases de cómo se fan as cousas, dixeron que non había nada que investigar e que todo estaba correcto. Pero ocorreu o que non se quería que ocorrese, chegou o informe da OLAF que non só apuntaba por onde ían eles naquel momento senón que piden a devolución de dez millóns de euros, algo que si que é lóxico que produza alarma. O Sr. presidente sempre lles ten que indicar por onde teñen que ir porque non saben o camiño nin saben de procedementos, por iso eles traen esta proposta para a creación dunha comisión de investigación dos outros proxectos europeos. Pensa que se se crea esta comisión se pode evitar que despois cheguen informes da OLAF como o que chegou, no que se di que non só hai irregularidades administrativas senón que indica que hai presuntos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

delitos por parte desta casa. Ás veces as comisións de investigación non serven para nada, máxime cando só forman parte dela o grupo interesado, que é o mesmo que o que se supón que cometeu esas irregularidades administrativas cando menos, e supostamente delituosas noutro caso. Se o grupo de goberno está a investigar uns proxectos, que mellor que investigalos todos no seu conxunto, porque cre que xa toca. Pregunta cales son os grandes avances que se fixeron no proxecto Vía Nova, no que se investiron moitos cartos, como non sexa unha furna que hai nalgún concello desa zona cun par de camisetas, ou non será o PDC (tema dos cabalos para entenderse) onde se mandaban descertificar os cabalos, algo podería explicar o Sr. presidente como unha gran xestión desta casa e darlle clases ao Grupo Socialista. Xa sabe que lle van dicir que os cidadáns falan, pero ao mellor chega un día no que os cidadáns digan que o fan rematadamente mal, pero iso é outra cuestión. Pídelle ao Sr. presidente que cre unha comisión na que estean todos os grupos, para investigar todo o que hai que investigar antes de chegue un informe que os obrigue a levalos á xustiza, como se apuntou con bastante *“mala leche”*. O Grupo Socialista non quere xudicializar a política, senón que levan temas á xustiza porque a política non valeu para nada. Como o seu grupo non quere que isto volva ocorrer é polo que piden que se faga antes política. Non sabe o sentido do voto do Grupo Popular, pero se van dicir que non, que non sexa por cousas como as que xa teñen dito como a que le literalmente: se a oposición tanto defende os intereses dos cidadáns de Ourense o que debería facer era dicirlle ao grupo de goberno que pelexase para que non haxa que devolver nin dez nin tres millóns de euros. Pensa que cando se falou deses tres millóns de euros, quere dicir que veñen doutros proxectos, porque hai que buscar o por qué hai que devolvelos. Non se pode pretender que se detecta que hai un presunto delito o Grupo Socialista quede calado e non acuda onde hai que acudir se o grupo de goberno non o fai. Gustaríalle que o seu grupo non o tivera que facer se o Sr. presidente, que é pioneiro nas transparencias, o fixera (algo que ten facer agora igualmente) e lle entregase os expedientes á xustiza. Espera, polo ben desta casa, que o fagan e que non anden mareando a perdiz, porque cos xuíces non poden xogar do mesmo xeito que xogan coa oposición, nin o Sr. presidente lles pode dar leccións de nada, como acostuma facer. Terá que dar leccións se o chaman a declarar, igual que el explicará por qué fixeron o que tiñan que facer. Pide que non se cometa o mesmo erro, porque despois lles chamarán alarmistas e dirán que xudicializan a política e demais, e así non se atoparán con sorpresas, como a de que eses trece millóns de euros dos que agora se falan sexan máis. O Grupo Popular poderá presumir de superavit no INORDE, de ordenanzas pioneiras, de que os grupos da oposición non saben onde

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

están, pero a realidade será que con esa devolución de cartos o Grupo Popular vai desfacer esta provincia, se non a teñen desfeita xa.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que a proposta do Grupo Socialista é unha cuestión de suma importancia para esta casa, pola repercusión que poida ter, que non é de curto recorrido. Non van entrar en consideracións, porque por desgraza durante os próximos meses haberá tempo de tratar estes temas. Anuncia o voto favorable á moción aínda que consideran que a súa necesidade é hoxe menor, toda vez que a OLAF xa ditaminou sobre a existencia de irregularidades en distintos procesos de contratación. Para o BNG, isto pon de manifesto que esta Institución está no punto de mira, non só pola utilización destes fondos cun carácter clientelar, senón porque as irregularidades detectadas, logo dos controis pertinentes, fan que se pregunten que pasaría durante os últimos vinte anos cando non existían estes controis ou eran ou pouco máis laxos. Do que se atopou sábese, do que non se atopou sabe Deus o que existe. Sería incompleto, pois, circunscribir o problema á existencia de irregularidades en ámbitos concretos da contratación, e non trasladalos ao resto dos procesos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que isto parece o asunto de nunca acabar. A proposta do Grupo Socialista baséase nun informe da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do ano 2006, e agora acórdase que hai algo que investigar. Pregúntalle ao Sr. Gómez Pérez se desde que se iniciaron estes proxectos (xa hai tantos anos) solicitaron examinar algún destes expedientes, copias de documentos ou calquera outra actuación que non se atendera. Pregunta tamén que é o que queren investigar entón. Pídelle que examinen os expedientes que queiran e se teñen algo que dicir que o digan, pero non suposicións, senón cousas concretas. Di que para pedir comisións de investigación a destempo e para facer barullo, non van contar co Grupo Popular. O Sr. Gómez Pérez dixo que no seu día pediron outra comisión de investigación sobre os programas Daredo e Deputrán e que foi rexeitada polo Grupo Popular, dito así é verdade pero non poden esquecer o que se dixo naquel momento, e xa que se citou outra intervención del, cita textualmente unha intervención súa daquel pleno: deixemos traballar á OLAF para que remate o seu informe e acto seguido, unha vez vistas as conclusións, a Deputación actuará e o seu equipo de goberno tamén. Promesa do Sr. presidente e do seu equipo de goberno foi que se constituiría, se fose precisa, a comisión de investigación. Esa comisión de investigación creouse no pasado pleno e se lles deu participación aos grupos da oposición. A sorpresa do grupo de goberno foi que os grupos da oposición non quixeron participar. Desta actitude pode deducirse que á oposición lle chegou co

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

informe da OLAF para ter todo claro, co que el se pregunta por qué non lles chega tamén co informe da Dirección xeral de Fondos Comunitarios, ou é que pretenden armar máis barullo ou titulares nos medios de comunicación. O Sr. Gómez Pérez dixo que ás veces está confundido nos plenos, pero el hoxe está (como din os rapaces novos) *superconfundido* porque se non estaban de acordo en crear aquela comisión, por qué propoñen agora esta dicindo que a outra é un *paripé* e non asistindo ás convocatorias. Formalmente hai que convocar á oposición para a reunión da comisión e o Grupo Socialista non é demasiado correcto á hora de recibir a convocatoria, que como todos saben é un formalismo que hai que cumprir. Unha vez dito isto, pide que se dediquen os esforzos (que é o que queren os cidadáns) a traballar pola provincia de Ourense, e non para buscar titulares e para armar barullo. Sabe que o Grupo Socialista non pasa por bo momento e ás veces hai que tapar cousas dun dicindo as que fan outros. Entende que isto é máis serio, e reitera que non deixa de chamar a atención non querer participar nunha comisión de investigación para dous plans europeos, e acto seguido se presente outra para investigar outros plans. Espera que lle diga cal é a razón de crear esa comisión, por se é que nesta casa algunha vez a Presidencia ou os funcionarios ou técnicos lle negaron a información solicitada. Pregúntalle ao Sr. Gómez Pérez se lle apetece máis que a Deputación devolva os dez millóns de euros ou que solucione o problema, porque empeza a ter dúbidas sobre isto. Para el é máis importante a provincia de Ourense que o equipo de goberno da Deputación, que está posto polos cidadáns.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que os cidadáns entenden máis do que se pensa. Xa algún compañeiro apuntou no seu día que no autobús se comentaba que neste asunto había cazo. Non quere entrar en demagoxias, pero a contrarréplica que fai o grupo de goberno é terrible, facendo crer que o Grupo Socialista é o que está confundido, cando existe un informe contundente da OLAF que di o que xa todos sabemos e que todo o que se investigou ten que ir a mans da xustiza. O Sr. Álvarez Dobaño retorce a cuestión dicindo que o informe ao que se refire é do ano 2006 e por qué non a pediron daquela, cando saben que non dispoñían dese informe. Esta comisión que piden non é extemporánea, porque extemporáneo é crear unha comisión de investigación cando xa lle din que o teñen que levar ao xulgado. Xa dixo que a vía política é unha cousa e a vía xudicial é outra, e precisamente eles propoñen que non se chegue á vía xudicial, pero se o grupo de goberno non quere facerse ese favor a sí mesmo, despois que non digan que os que buscan os titulares son eles. O seu grupo non pretende que se devolvan os dez millóns de euros, pero por desgraza se iso se fai efectivo, por propia dignidade todo o grupo de goberno, sen exclusión, tería que ir

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

para casa. Sexamos serios porque este é un tema serio, e como dixo o Sr. Álvarez Dobaño o tema de nunca acabar, pero por desgraza así é, porque seguramente seguirá este problema por moito tempo. Estes proxectos veñen de anos atrás e algún deles sen acabar como o das Estacións Vivas, que se queren explica como está e despois que non digan que son alarmistas, e tamén se dixo aquí que en xaneiro deste ano ía estar todo funcionando, e isto o dixo alguén que xa non é presidente. O Grupo Socialista está poñendo en valor unha cuestión porque así é a realidade e se o grupo de goberno a quere obviar é o seu problema, pero non lles poden dicir a eles o que teñen ou non teñen que facer. Lembra que cando el entrou de deputado (hai 6 anos) xa se falaba do tema do Deputrans por parte do Grupo Socialista. Se non queren apoiar esta proposta xa os cidadáns decidirán, e se chega outro informe contundente como o que chegou da OLAF xa dirán que volven querer crear unha comisión de investigación para investigar o que xa está investigado. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que procure que non se lle peguen as mañas do presidente, porque son malas, porque á parte dos procedementos hai outras cuestións como a dignidade política. Se non asinaron a convocatoria desa comisión porque primeiro se intentou que a asinara un dos traballadores e en contradición, din que os traballadores do grupo non serven para ver os expedientes. O Grupo Socialista non se deixa tourear e o seu portavoz non asinará nada que non se lle deixe asinar a un traballador do grupo, como cando foi recoller unha simple notificación. Pide que se fagan as comisións de investigación ao seu tempo, polo que non se lles pode dicir que é extemporánea, que son alarmistas, que entran en contradicións ou que non están pasando un bo momento. Iso é o colmo, que lle digan iso ao seu grupo quen paga en B, quen está no xulgado por supostas contratacións irregulares, os que teñen que devolver dez millóns de euros e que se lles acusa de corrupción. O Partido Socialista non pasará un bo momento electoral, pero quen ten que estar preocupado é o Partido Popular.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, dille ao portavoz do Grupo Popular que lle sorprende a confianza absoluta que pensa que ten a cidadanía no seu partido. É verdade que a cidadanía desta provincia sabe o que ten que saber, e se se fai unha enquisa sobre esta institución en canto a mérito, transparencia e confianza está claro que a resposta sería bastante unánime. Tamén é verdade que por desgraza a cidadanía acostumouse a saber o que sabe, a ver que nesta casa se funciona como se funciona, e como non hai nada que facerlle seguen as súas vidas. Pero ao que non se van acostumar é a falar de cartos e se lle hai que dicir que hai que devolverlle á Unión Europea os cartos que utilizou mal o Partido Popular, está claro que non van seguir coas súas vidas e que a cousa non vai quedar así noutros aspectos. O portavoz do Grupo Popular dixo que parecía que a oposición quería que a Deputación devolva eses cartos, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

non é así. O BNG non quere que se devolvan os cartos, o que quere o BNG é que os que xestionaron mal eses fondos devolvan os cartos a conta do seu patrimonio, e non quitarllos aos cidadáns da provincia, porque eles non teñen culpa da mala xestión.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Iglesias Pérez que a el non o acusou de nada nin ao BNG tampouco. Ademais, xa foron á sede xudicial para presentar a denuncia correspondente así que hai que esperar a resolución. Dille ao Sr. Gómez Pérez que lle parece ben que interprete as súas palabras, pero que non as retorza tanto. Cando dixo que pasaban un mal momento referíase ao momento electoral, entón non lle pode replicar con certas cousas, porque postos a dicir el tamén tería moitas, como os ERES de Andalucía ou do que pasa na praza que está aquí ao lado. Tamén lle di ao Sr. Gómez Pérez que deixa caer cousas moi sibilinamente como o do cazo. Pensa que esas cousas hai que matizalas e moderalas, porque ás veces se din con picardía e outras sen ela, pero quen escoita as recolle como quere. Cando se fala dese tipo de cousas hai que demostralas e se así fose el poríase do seu lado. Unha comisión de investigación, teña a composición que teña, en ningún caso pode evitar a vía xudicial, porque se deu a entender que se hai comisión de investigación xa non se acaba no xulgado. O Grupo Popular non vai aprobar a creación dunha comisión de investigación, porque entenden que neste momento non hai nada que investigar, en todo caso, no seu labor constitucional e obriga de oposición o que deben é examinar os expedientes, pedir a documentación que corresponda e actuar en consecuencia, e o Grupo Popular actuará tamén en consecuencia. En canto á sinatura da convocatoria, di que aos seus anos xa non se lle pega nada, polo que non pode culpar a ninguén dos que están aquí se un presunto erro formal de querer darlle unha notificación ou unha convocatoria dun xeito ou doutro. En todo caso, ten os mecanismos suficientes para presentar a queixa correspondente e dicir como quere que se convoque. En resumo e sen acritude di que non poden crear esta comisión de investigación polas razóns xa expostas e porque entenden que neste momento non hai nada que investigar. Para finalizar dille á oposición que os seguen invitando a que se incorporen á comisión de investigación que xa está en marcha.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que cando nomeou o do cazo, xa dixo que iso o apuntou aquí alguén que llo escoitou a cidadáns. O que si dixo é que el non entra nese tipo de demagogia, algo que xa ten demostrado. Pero o portavoz do Grupo Popular pleno tras pleno lembra outras cousas ou fai oposición como a que se fai o Sr. vicepresidente desta Deputación no Concello, con bastante máis mala educación que a que lle acusan a eles. O Grupo Socialista non quere que os xulgados lles fagan tomar decisións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

políticas ao Grupo Popular, e se un xulgado acaba dicindo que todo o que dicía a OLAF era certo, pensa que se terían que ir todos. Eles falan dunha comisión de investigación política que é outra cousa, e despois non os poden criticar porque leven as cousas ao xulgado. O seu grupo só intenta que esta cuestión sexa o máis clara posible, porque se van atopar con sorpresas tanto uns como outros. En canto aos erros formais dos que se falou en canto á convocatoria da comisión creada, di que erro si é poñer carteis nos lugares que ocuparían os representantes da oposición para que se vexa que non están, e iso non facía falta porque polo menos en altura lle gaña ao presidente e se estivese veríase ben. Pensa que iso máis que erros son *fricadas*. Pide que se lles explique por qué non queren constituír a comisión que están solicitando. Lembra que leva dez anos en política e que no seu concello el leva o tema de persoal, e neses dez anos o único que se lle pode reprochar é que a Subdelegación dixo que fixeran mal os contratos (agora o presidente vailles dicir aos seus que lle dean caña ao Nacho). Se no seu concello pasase algo como o que está pasando nesta Deputación, el non esperaba a que o levasen ao xulgado, senón que se iría para casa porque estaría máis tranquilo. Ten moito respecto por todo, e como tamén ten respecto polos informes, preocúpalle cando apuntan a supostas irregularidades en contratación, a falsificación de documentación (incluso se sabe con que produto), a información privilexiada nas adxudicacións. Para finalizar di que o Grupo Popular non está exercendo as súas responsabilidades.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que el nunca lle dixo a ninguén “dádelle caña ao Nacho”. O único que lle ten dito nos últimos días ao novo secretario xeral do PSdeG.-PSOE é que por favor non cambie ao portavoz da Deputación de Ourense, que siga Nacho.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE APOIO ÁS PROPOSTAS DA ASEMBLEA DA FEGAMP RELATIVAS AO PROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE LOCAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en relación coa intervención do Sr. presidente no punto anterior, di que ten a sorte de que cando lle digan que se vaia non vai ter ningún problema en facelo, e non van ter que traelo aquí coas mañas coas que o Sr. presidente chegou a selo, ou como chegou a ser presidente do Partido Popular. O

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

secretario xeral do seu partido ten o seu escano á súa disposición, e ao Sr. presidente seguramente que lle gusta menos do que aparenta que el estea aquí sentado. Seguramente que o Sr. presidente estaba máis tranquilo cando ocupaba o escano do Parlamento, porque leva uns cantos meses pasándoo mal, e desde logo non por culpa do Grupo Socialista, senón polas cousas que fan. Vai preguntarlles aos deputados do Grupo Popular primeiro, e despois ao Sr. presidente, porque son entes distintos, algunha cuestión. Hai uns días houbo unha asemblea da FEGAMP á que asistiron a maioría dos alcaldes, e na que se dicían cousas como que “ante unha reforma profundamente equivocada, que xera máis problemas que as solucións que pretendía achegar”, ou que “a xuízo desta Federación a reforma local vira as costas á realidade do municipalismo en xeral, e especialmente ás especificidades dun territorio como o galego”; “especialmente grave consideramos o reforzo das deputacións provinciais fronte ao debilitamento dos pequenos concellos, aos que esta reforma conduce á asfixia financeira e á perda masiva de servizos”; “por último, e sen menoscabo das propostas que seguidamente se exporán, a FEGAMP reitera a necesidade de que calquera reforma lexislativa no ámbito da administración local estatal deberá ser froito dun acordo amplo cos lexítimos representantes dos concellos e as provincias, que ao noso xuízo non se alcanzou neste proceso, o que aboca a este ao fracaso”. Aquí dise que o Grupo Socialista nunca constrúe e o grupo de goberno vota o que diga o Partido Popular aquí e despois contradínse noutros sitios. O presidente desta Deputación é o único presidente que non vai ás reunións (é un ente abstracto) porque é omnipotente, é o máis listo da clase, e sabe máis que todo o mundo (vai ter que mirar o ego). Agora vaise ver a postura do grupo de goberno, e non lle vale que lle digan que é extemporáneo, que xa o fixo a FEGAMP, ou cousas similares. No anterior pleno rexeitouse a moción que presentou o Grupo Socialista neste sentido, porque dixeron que había que esperar polas alegacións. Agora xa están feitas as alegacións e o Grupo Socialista quere saber a opinión do grupo de goberno desta Deputación sobre as alegacións feitas, xa que o Sr. presidente non foi á asemblea, pero, pola contra, foi a que o Sr. Beteta lle dixese que era o máis guapo, o máis alto, que tiña unha provincia intelixente, e, en contraprestación, o Sr. presidente desta Deputación saíu dicíndolle ao Sr. Beteta que facía moi ben esta reforma local, me dá igual o que digan os meus alcaldes e a miña provincia, eu dígolle que é a mellor e que é unha reforma valente, no canto que o grupo de goberno di que esta reforma non vale para nada (polo menos na asemblea así o dixeron), algo co que coinciden. Despois acusan á oposición de que alarma, que entran en contradicións. No seu día non quixo facer demagogia co tema dos soldos dos cargos públicos, porque a demagogia fíxoa o Partido Popular, e agora estáselles a volver en contra. Algúns alcaldes de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

concellos que andan polos mil habitantes teñen ese problema, pero tamén se fixeron alegacións referidas a este asunto, algo co que supón que estarán de acordo os deputados do grupo de goberno, pero non o seu presidente porque lles manda levantar a man e facer o contrario do que pensan. Supón que o Sr. presidente lles diría que estaba a favor da reforma local e que estaban equivocados, aínda que pensa que non se atrevería a chamalos para dicirlles que non fosen á asemblea. Pensa que o grupo de goberno, con esa ampla maioría que ten, tería que terlle dito ao seu presidente que estaba errado e que a reforma non é boa, nin valente, nin vai significar nada para os concellos, porque nesta provincia, agás a capital, todos son concellos pequenos. Di isto, porque como o Sr. presidente chegou a esta casa como chegou, igual non coñece os problemas dos seus propios alcaldes. Invita ao grupo de goberno a que fagan o posible para que o Sr. presidente mude de criterio, porque se agora votan a favor da moción van ir en contra do xefe, e iso é moi complicado. Di que el iría en contra do seu xefe se fixera falta. Non sabe o sentido do voto do Grupo Popular, pero deberían pensalo. Mantivo este debate separando ao grupo de goberno do presidente para utilizar as mesmas artimañas que utiliza o presidente para deixar quedar mal, e pensa que o conseguiu e que o debeu deixar quedar bastante mal. O que pasa é que o presidente xa non é que quede mal, é que queda fatal cada vez que fala en contra dos intereses dos seus deputados. Pide que se lle explique tamén o que vai pasar coa privatización da cronoloxía que dixo que ía facer. Pensa que esta Deputación ten que ter un posicionamento claro a favor das alegacións. Espera que os deputados do Grupo Popular actúen en consecuencia e non fagan caso dos alardes do seu presidente, e voten a favor desta moción, porque con isto estarían defendendo aos cidadáns de toda a provincia, independentemente da súa cor política.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, preguntase que dicir agora. Quita o sombreiro ante a alegación do Sr. Gómez Pérez. O Sr. presidente coas súas verbas, tratando de definir a reforma como valente, perdeu a capacidade de ser o alcalde dos alcaldes. A resposta unánime dos gobernantes dos municipios di que realmente non é así. Temos que pensar o que somos e de onde saímos. O Sr. presidente sabe que o seu posto se herdou cal señor feudal, e agora esta reforma di que as competencias das deputacións van medrar e aínda van ser máis poderosas do que son hoxe, sendo así cómo lle vai dicir que non a esta reforma. O problema é que os grandes afectados son os concellos pequenos, e haberá que explicarlles cousas aos veciños. A culpa pode ser do Montoro, do Beteta ou de quen sexa, pero todos forman parte do Partido Popular. Pídelle ao grupo de goberno que sexa máis valente que a propia reforma e voten a favor da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

moción, pero non porque llo diga quen manda, goberna ou preside, senón pensando nos seus veciños. Está claro que o grupo de goberno hoxe ten un *papelón* moi grande, porque por un lado están os veciños/as aos que hai que defender, ou seguir pagando (a un custo demasiado alto) moitos dos favores que deben. No punto sete da orde do día o Sr. Álvarez Dobaño dixo que defendía a autonomía local e respectaba o que os propios alcaldes decidiran nos seus propios municipios (en canto aos medicamentos), polo que lle pide que siga mantendo esta postura e vote en consecuencia. Antes falouse de se INORDE si ou INORDE non e agora estamos a falar de se Deputación si ou Deputación non. Desde que se desenvolveu o modelo autonómico, estas institucións que son anacrónicas, non valen para o que foron creadas no seu momento. Pensa que unha reforma valente da administración local sería darlles protagonismo a todos os concellos e quitarllo a estas institucións.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, anuncia que lles vai facer caso ao Sr. Gómez Pérez e ao Sr. Iglesias Pérez, e espera que o presidente, o vicepresidente e os seus compañeiros o sigan, e votar a favor, pero porque son coherentes coas súas posturas, xa que en Santiago xa o manifestaron así. Están a favor do que aprobou a comisión executiva por unanimidade e logo na asemblea dos alcaldes. O proxecto de lei en cuestión, e sobre todo para os concellos pequenos, ten grandes lagoas. O Grupo Popular entende, entre outras cousas, que é preciso recoñecerlles un maior nivel competencial aos concellos galegos que o establecido no proxecto de lei. Isto pasa por recoñecerlle á Comunidade Autónoma unha maior capacidade para adaptar o réxime local básico á realidade de Galicia. De xeito especial, debe recoñecérselles aos concellos galegos a súa capacidade para xestionar os servizos sociais, algo moi importante e que afecta moito e, desgraciadamente, de xeito crecente. O establecemento dun marco retributivo xusto para os alcaldes e electos locais que desenvolven as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva (apela de novo á autonomía municipal). Calquera reordenación competencial terá que garantirlle á administración á que se lle atribúan novas competencias o marco financeiro acaído para facerlles fronte ás novas obrigas. Isto si é a materia pendente, de pouco valen reformas legislativas (ou máis ben de nada) se non hai dotación económica suficiente. Esperan que a promesa do Sr. Montoro (que algo debe facer ben) en sede parlamentaria, siga adiante e no vindeiro 2014 teñamos unha nova lei de facendas locais e que sirva para cubrir os servizos aos que se acaba de referir. Quixera deixarlle claro ao Sr. Gómez Pérez, sen acritude, que o Sr. presidente da Deputación Provincial non asistiu por motivos de axenda. Quere lembrar tamén que é o presidente do Partido Popular de Ourense e como tal chamou a todos os seus alcaldes para que asistiran, ben directamente ou ben por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

representación, á asemblea da FEGAMP, e que deran o voto favorable ás alegacións ou emendas que fixo esta a través da súa comisión executiva. Foron indicacións claras, rotundas e contundentes. Interpretacións noutro xeito responden unicamente a esas ansias do Grupo Socialista por querer da a entender que existen divisións no Partido Popular, pois non as hai (ninguén sae pola porta de atrás dicindo cantos *gintonic*s se tomaron). Dille tamén ao Sr. Gómez Pérez que orienten os seus esforzos en arranxar a súa casa. Esta moción ven con esa intención (intentar deixar ver que hai divisións) e non é certo. O Grupo Popular está como unha piña co seu presidente e as diferenzas ou diverxencias trátanas entre eles, incluso pode adiantar un voto no que a oposición dicía que ían votar en contra. Para finalizar di que o Sr. presidente non é xefe de ninguén, é o presidente nin máis nin menos, porque así o elixiu o grupo por unanimidade e a nivel de partido tamén é presidente porque tamén o elixiron. Pode que haxa divisións entre concellos e deputacións, pero se son deputados é porque son concelleiros ou alcaldes e non son concelleiros ou alcaldes por ser deputados. Reitera que están de acordo co que se acordou na asemblea da FEGAMP hai poucos días. Entenden que os alcaldes actuaron con responsabilidade na defensa dos seus municipios e, por extensión, dos seus veciños. O PP está aí e seguirá estando. A reforma debe recoñecer por fin e dunha vez por todas, as propias características desta Comunidade Autónoma, como o envellecemento da poboación ou a dispersión poboacional, variables que condicionan a prestación de servizos, e todos sabemos as dificultades que hai para atender aos nosos veciños. Falouse aquí, con malicia, de que o presidente desta Deputación non asistiu á asemblea, pero quere dicir tamén que parece ser que a Abel Caballero e ao Sr. Besteiro, cada un co cargo que representa (un é alcalde de Vigo e o outro presidente da Deputación de Lugo), esa asemblea lles quedaba pequena, porque foron quitar a foto ás portas e despois marcharon. Non sabe que será mellor: non ir porque non se pode ou ir pero non querer estar. Están convencidos de que o texto se mellorará en sede parlamentaria e o goberno escoitará as demandas do municipalismo. O PP e o Grupo Popular da Deputación de Ourense aí estarán.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que vai intentar concentrarse porque as *ensoñacións* ás veces son complicadas, pero como ten un psicólogo na casa xa llo consultará. Falando seriamente di que aplaude a decisión do Grupo Popular, porque van facer algo importante. Pensa que cando lle dan duro ao Sr. presidente se saberá defender el e non fai falta que o defenda o Sr. Álvarez Dobaño (por certo, que o deixaría quedar bastante mal se soubera a axenda del deses días). Segundo noticias que lle sopraron, o Sr. presidente desta Deputación estivo intentando desmobilizar aos alcaldes (hai cuestións peores que uns

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

gintonicos). Lembra que o anterior presidente desta Deputación sempre dicía: preguntade de onde veñen os informes. Acaba de descubrir que nesta Deputación hai un bipartito porque o presidente é un e o resto do grupo de goberno é outro, xa que o presidente vai por libre. Aplauda a decisión de apoiar esta moción, pero non podía ser doutro xeito por simple sentido común, xa que apoiaron as alegacións da FEGAMP na asemblea (aínda que xa ten visto cousas peores nesta casa). Reitera o do bipartito porque o Sr. presidente vai por libre e se agora vai votar esta moción a favor o incoherente é el, porque hai uns días dixo que era unha reforma estupenda e non foi a asemblea (xa sabe que por motivos de axenda). Os presidentes das outras deputacións, independentemente da cor política, dixeron que non estaban de acordo coa reforma e supón que a eles tampouco lles amarga o caramelo de que aumenten as súas competencias, pero priorizaron o interese dos concellos. Pero este presidente non fixo iso, e agora vai votar algo contrario ao que dixo na prensa (a non ser que os periodistas recollesen mal a noticia). Espera que lles dea unha clase maxistral de cómo se fai isto. En canto a Abel Caballero (e sen ánimo de saír na súa defensa) di que estivo nunha asemblea en Madrid e saíu manifestando a súa postura. Reitera o aplauso do voto favorable porque iso significa que os deputados son coherentes, non así o seu presidente que non ten coherencia, e non só neste tema senón noutros. El é portavoz do Grupo Socialista da Deputación porque así o decidiron os seus compañeiros, pero sen ningún tipo de favor, di isto porque se falou de xefes, pero referíase a persoas ás que lles temos que deber algo. Está convencido de que se igual que o puxeron (ao presidente) agora o quitan (que aínda están a tempo) a esta casa iríalle moito mellor, porque non sabe xestionar, xestiona baseándose en titulares. Di que polo menos o anterior presidente tiña coherencia e asumía o que facía con todas as consecuencias, aínda que estivese errado, pero este presidente di unha cousa e a contraria cando lle ven en gana. Desde que está aquí de presidente fixo o Plan 92 que non se sabe o que é, porque as cousas importantes quedan no aleiro, funciona baseándose en titulares dicindo que esta é unha reforma moi valente e despois dilles aos alcaldes que vaian dicir o contrario. Dilles aos deputados do Grupo Popular (que xa teñen os favores ben pagados) que está nas súas mans evitar que este señor siga sendo presidente. Cando fala de favores e cando fala de cómo se acaban as cuestións, refírese a como chegou a ser presidente desta Deputación, e cre que o prezo é moi caro, tanto persoal como politicamente. Este presidente arrástranos a incoherencias e a unha pésima xestión.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que desta vez vai discrepar co Sr. Gómez Pérez, porque o BNG si que quere quede o Sr. presidente para que poida seguir afianzando o prestixio desta institución a que o BNG quere tanto, a golpe de titulares maravillosos e actos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

moito máis xenerosos. Volvendo ao que interesa di que esta non é a primeira nin a última vez na que ao momento de votar hai intereses compartidos (como o tema da xestión do servizo do lixo). Alégrase de que se mire polo ben dos veciños. Hai que falar de que esta reforma se basea no metódico criterio do Sr. Montoro de manter a racionalidade económica deste país. Tamén haberá que empezar a defender que o noso país (Galicia) ten certas singularidades que non ten o resto do territorio (o mencionado avellentamento, dispersión, etcétera), o que nos leva a facer unha valoración estatística: a débeda total de todos os concellos deste país é menor que as que poden ter Málaga, Zaragoza, Valencia .. e un concello como o Jerez de la Frontera ten 526 millóns de euros de débeda, e todos os municipios de Galicia teñen 773 millóns. Polo tanto ese criterio no que se basea esta reforma non existe. O que si hai que facer (xa o mencionou o Sr. Álvarez Dobaño) é cambiar o modelo de financiamento, dotando aos concellos de recursos económicos e capacidade para defender os intereses dos seus veciños, como forma valente de tratar de diminuír ese avellentamento e dispersión e ese esgotamento de recursos por inanición que temos nos nosos concellos. Hoxe é necesaria a reforma do financiamento local, para dotar dun marco estáble aos concellos con fin de asegurar a calidade na prestación dos servizos que todos lles queremos dar aos nosos veciños e abandonar o uniformismo que pretende o Estado en todas as rexións do país. Sen entrar máis no debate da reforma, agrádalle que se chegue a un acordo polo ben de todos os veciños e veciñas da provincia de Ourense.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que está de acordo co Sr. Iglesias Pérez na parte irónica de querer que siga o presidente, e o deles non é por ironía senón porque o queren así. Tamén está de acordo na parte seria, en canto a que fai falta unha nova lei de financiamento para as corporacións locais. Dille ao Sr. Gómez Pérez que non fale de bipartito, porque xa adiantou que por unha vez o Sr. presidente lle ía facer caso a el e todos van apoiar esta moción, o que demostra que non hai ningún bipartito. O Sr. Gómez Pérez deu por suposto que o Grupo Popular ía votar en contra, equivocouse, votan a favor porque cren que o deben facer así, xa que iso foi aprobado unánimemente na asemblea da FEGAMP do pasado día 11. Se citou ao Sr. Besteiro e ao Sr. Caballero foi para dar un dato obxectivo e non lles puxo ningún floreiro, simplemente citou un feito real, cada un terá os seus argumentos e as súas razóns para facer o que fai. En canto aos favores, di que pode dicir claramente que a el ninguén lle pediu que apoiara nin ao anterior nin a este presidente, e, por suposto, tampouco pediu por favor que o puxeran onde está, en todo caso, pide permiso para dicir que por favor o releven.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que no último ata poden coincidir, el tampouco lle pediu a ninguén que o puxeran aquí, pero como o presidente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

desta Deputación lle di que siga, el quere seguir, aínda que sexa só por amolar. En canto á seriedade que se pide, di que sempre foi serio cando falou deste tema, e tamén está de acordo en que o financiamento dos concellos ten que ser o adecuado para poder dar servizos. Hai que ter en conta que quen tramita esta reforma de lei é o Partido Popular, así que non se pode falar nin de Abel Caballero nin de Besteiro nin de *rabos e centellas*. O PP é o que quere quitar competencias, dedicacións exclusivas e demais, facendo unha demagogia terrible con este tema, entón hai que pensar que igual aquí nos atopamos cun grupo independente liberal ou algo similar, onde o presidente di outra cousa diferente á que di o grupo de goberno. O maior problema non é que o Sr. presidente fose ou non fose á asemblea, que xa mandou ao seu vicepresidente (que teña coidado que igual lle gusta moito o asento, porque por ego andan por un igual) o problema foi o que dixo, e se agora vai votar a favor disto terá que explicar cunha das súas clases maxistras por qué mudou de opinión. Pídelles aos deputados do Grupo Popular que lle expliquen ao seu presidente o que é xestionar un concello, porque nunca o fixo. Os que nacen nos parlamentos e os que nacen moi ben acomodados, nacen mal, porque non coñecen o que é estar abaixo nin saben como xestionar a miseria, non só dar titulares estupendos e despois os concellos da provincia estean como están, en parte porque este presidente non quere mudar a súa política. Queda á espera da explicación maxistral e á espera do voto, porque senón tería que conectar con outras ondas máis satisfactorias para a súa cabeza.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que queda con esta última frase: conectar con ondas máis satisfactoria para a súa cabeza. Prodúcese un intercambio de opinións e o Sr. presidente pídelles ao Sr. Gómez Pérez que por respecto democrático á corporación respecte a súa intervención xa que a el ninguén o interrompeu cando falou. Continúa dicindo o Sr. presidente que é concelleiro en Esgos, un concello máis grande que o de Cazalilla en Jaén, onde o secretario xeral do PSOE foi concelleiro (Gaspar Zarrías) unha persoa que a través do grupo parlamentario socialista no Congreso non presentou ningunha emenda con contido concreto ao proxecto de lei. Pensa que, á marxe do portavoz do grupo de goberno, o mellor portavoz que ten o Grupo Popular é o Sr. Gómez Pérez, porque se dedica, cando fala, a darlles a razón en todo o que se fai. Dille que busque as incoherencias e que presentou esta iniciativa non para conseguir algo bo para a provincia ou para construír algo, senón para que se reflicta división no grupo de goberno, cun afán destrutivo. Desde o 6 de febreiro de 2012 (data da súa toma de posesión) dixo que a reforma local era unha reforma pendente, que facía falta unha terceira transición no sentido de reformar a administración local e outras administracións. En ningún momento dixo que o contido desta reforma era valente, senón que dixo que era valente a decisión do goberno

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

de levar a cabo unha reforma. Desde o ano 1985 non se fixo ningunha normativa en materia de réxime local e considera que o goberno da nación así o fixo. Esa necesidade da reforma, que quedou patente na súa intervención o día que tomou posesión, reflíctese tamén no Plan Ourense 92 (que parece que o Sr. Gómez non leu nin tivo a cortesía de asistir á súa presentación) onde se fala de celebrar xornadas sobre o futuro das provincias e o estado actual da administración local. Levamos dous anos facendo estas xornadas ás que non asistiu o Sr. Gómez Pérez. Aquí fíxose un primeiro borrador de alegacións en contra do contido desa reforma local, que aprobou a Xunta de Goberno, e foi a única deputación de Galicia que o fixo. Así se lle comunicou ao goberno e así o coñece a oposición porque se lles dá conta de todos os acordos e das actas correspondentes das xuntas de goberno desta Deputación. Neste pleno creouse unha comisión de estudo da reforma local e no día da asemblea da FEGAMP en todo momento os alcaldes que forman parte da súa organización política tiveron a información ou suxestión de que había que apoiar esas alegacións. Entre outras cousas, porque na comisión executiva da FEGAMP tamén forman parte alcaldes da súa formación política, e por esa coherencia que hai que manter finalmente o texto votouse. Non sabe se o Sr. Gómez Pérez tivo ocasión de analizar cal era o borrador inicial e cal é o actual, porque hai unha diferenza substancial entre un e outro. Esta é a realidade e que el se reúna co secretario de Estado de Administracións Públicas e que fale dun novo escenario coa nova reforma da administración local, quere dicir que non está parado e que hai que ter actuacións para expoñer nun novo escenario que pode ser real. Onte rematou o prazo para a presentación de emendas e o Grupo Popular presentou vinte, as que presentou o Grupo Socialista non se refiren para nada ao contido do texto, en consecuencia non recollen ningunha das alegacións que se presentaron vía FEGAMP, e as relacións desta Deputación coa FEGAMP, como se ten demostrado por exemplo co convenio dos GES, é excelente. Anuncia que el non se vai abster nin vai votar en contra, vai votar co seu grupo porque é no que cre e é como cre que se deben facer as cousas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Apoiar a postura da FEGAMP e mostrarlle o seu apoio ás emendas presentadas respecto do Proxecto de Lei de racionalización e sostibilidade local.

2º.- Remitirlle copia deste acordo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e á FEGAMP.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

10º.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS DA DEPUTACIÓN PARA O ESTUDO DA POSIBILIDADE DE APROBACIÓN DUN HIMNO OFICIAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura á moción conxunta dos grupos políticos, acordada na Xunta de Portavoces.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, anuncia que votarán a favor, pero queren deixar constancia de que lles gustaría que tanto a Deputación como o Concello (que xa debateu esta cuestión) vaian da man neste tema.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que está de acordo co apuntamento que fixo o deputado do BNG, e esperan que o Sr. García Ferradal faga ben o seu traballo e así evitar problemas que non teñen nada que ver co que se trae aquí.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción conxunta dos grupos políticos da Deputación, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Proceder ao estudo da posibilidade da aprobación dun himno oficial da provincia de Ourense, encomendándolle ao deputado da Área de Cultura (Avelino García Ferradal) a instrución do correspondente expediente, coa formulación dunha proposta ao respecto para o seu tratamento na comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

11º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE XULLO DE 2013 E DO 1º ADICIONAL DE XUÑO DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de xullo de 2013 e do 1º adicional de xuño de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

12º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE XULLO DE 2013 E DO 1º ADICIONAL DE XUÑO DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de xullo de 2013 e do 1º adicional de xuño de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

13º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que neste punto hai catro asuntos. O primeiro é o asinado pola deputada Sra. Morenza Doorno, do Grupo Socialista, en canto a unha iniciativa para a reforma do Regulamento desta Corporación.

13ªA.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO PARA A REGULACIÓN DO VOTO TELEMÁTICO DOS/DAS DEPUTADOS/AS

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Morenza Doorno, para que expoña esta iniciativa.

D.ª Victoria Morenza Doorno, do Grupo Socialista, manifesta que o motivo desta proposta é cambiar o regulamento para facilitar mecanismos que poñan en marcha o voto telemático na Deputación, para poder permitir a votación a distancia dos deputados/as ausentes en casos de embarazo (de risco, estado de xestación moi avanzado ou maternidade recente), así como permisos de maternidade, paternidade ou enfermidade grave. Este procedemento non presencial facilitaría a participación dos membros da Corporación Provincial en determinadas votacións onde non sexa posible conciliar o dereito a votar, para que os acordos se adopten con todas as garantías. O Sr. presidente alardea en todo lugar e tempo dunha provincia intelixente, e esta é unha boa oportunidade para que o voto telemático contribúa a compatibilizar os permisos e baixas coas funcións propias dun membro da corporación. Outras institucións en España xa dispoñen (ou están tramitando) desta fórmula. Nesta ocasión o Sr. presidente xa non pode ser pioneiro, porque a pioneira foi a Deputación de Huelva. Tamén se dispón deste sistema en Sevilla, Granada, Zamora, así como nas comunidades autónomas de Galicia e Andalucía, ou na Asemblea de Cantabria. A súa proposta é para que se instale un procedemento similar (están abertos a melloras), modificando o Regulamento de funcionamento interno da Deputación, do xeito que se poida poñer en marcha esta iniciativa. Habilitar sistemas tecnolóxicos e técnicos para garantir a participación nas votacións dun xeito non presencial, é dicir, por vía telemática. Adoptar disposicións e medidas para a posta en marcha deste procedemento e dos métodos de verificación persoal. Delimitar os supostos que permitirán o voto a distancia tanto nos casos de embarazo (de risco, moi avanzado, etcétera) así como nos casos de permisos por maternidade ou paternidade. Definir tamén os tipos de enfermidades que permitirán facer uso de voto a distancia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que habitualmente se presentan dúas mocións por grupo e non tres. Anuncia que non van votar en contra da moción, aínda que non dispoñen do seu texto, pero pensa que teñen dereito a saber que se presenta unha nova moción por urxencia.

O Sr. presidente di que entendeu que estaban todos en posesión do texto da moción, pero que en todo caso esta é unha proposta que, se é aprobada, será tratada na vindeira comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior, para a modificación do Regulamento Orgánico.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que eles tamén interpretaron que era unha proposta e non unha moción. Tamén entenden que o que se pacta se debe cumprir, aínda que sexa un pacto entre cabaleiros. Aplauden a iniciativa da Sra. Morenza Doforno á que felicita e lle dá a en hora boa, sen ningún tipo de ironía, polo seu estado de boa esperanza (en ton de broma dille que parece que lle fixo caso dun consello que deu, aínda que o consello xa chegaba tarde) e deséxalle moita sorte.

O Sr. presidente comenta que falou co portavoz do Grupo Socialista e dado que como esta proposta xa estaba presentada e non era unha moción, quedou en que se trataría para asignarlle este asunto a comisión informativa para proceder á reforma do Regulamento.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que non queren entrar en polémica e se isto non é unha moción paréceo. Válelles que digan que é unha proposta. Como este asunto non se tratou en ningún sitio (nin sequera na Xunta de Portavoces) a eles colleunos por sorpresa. En todo caso anuncia que apoiarán esta iniciativa.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a iniciativa de que este asunto se trate na comisión informativa de Goberno e Réxime Interior, que é aprobada por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos.

13ºB.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O SERVIZO DE CIRURXÍA PEDIÁTRICA DO CHUOU.-

Trala unánime declaración da urxencia do asunto, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga, para que expoña o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que durante os primeiros días do mes de outubro confirmouse a decisión do SERGAS de constituír unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza na área de cirurxía pediátrica, que na práctica supón que desde agora todas as familias de Ourense deberán desprazarse a Vigo cando precisen estes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

servizos, fóra do horario matinal, cos problemas e situacións traumáticas que esta decisión poida supoñer. Porque a unificación da cirurxía pediátrica de Ourense coa do Complexo Hospitalario de Vigo obriga a enviar a esa cidade a todas/os as/os pacientes urxentes que teñan que ser operados, quedando só en Ourense os programados (e non todos, porque as intervencións complexas xa se derivan desde hai tempo a Vigo). A decisión, explicaban desde a Xunta, tomouse para optimizar os recursos debido a redución continuada da poboación infantil. É dicir, a xuízo do Partido Popular, os nenos e as nenas de Ourense como agora son menos, teñen menos dereitos, e non pasa nada se en vez de ser atendidos no hospital de Ourense cando chegan cunha urxencia e precisan dunha rápida intervención son obrigados a desprazarse a Vigo para ser atendidos nalgún centro sanitario desta cidade. Pensemos por un momento na angustia das nais e dos pais deses nenos e nenas que chegado ao Hospital de referencia non atopan unha solución e o seu fillo ou filla debe ser trasladado nunha ambulancia medicalizada, co persoal facultativo necesario, a Vigo, onde será intervida e posteriormente hospitalizada. Pensemos nos gastos que os traslados e a hospitalización poidan ocasionar, tanto para o SERGAS como para as familias, máxime tendo en conta que o servizo de cirurxía pediátrica en Vigo xa está agora colapsado, polo que moitas intervencións son derivadas a outros centros privados concertados. Segundo o censo de 2011, en Ourense residían nese ano 12.706 nenos e nenas entre 0 e 14 anos. Un número que para o SERGAS supón unha redución continuada da poboación infantil. Para o BNG queda claro que esta medida non se fai nin para optimizar recursos, nin como consecuencia da redución da poboación infantil. É un paso máis na senda do empeoramento planificado do Servizo Galego de Saúde, no deterioro estratéxico do público levado a cabo pola Xunta de Galiza e o goberno do Estado que ten como fin último o incremento do negocio privado. Hai un clamor social, van xa máis de once mil sinaturas recollidas (claro exemplo de que esta manifestación popular pode facer que cambie esta decisión) que demanda solucións, e estas non pasan por colocar parches como o que a Xerencia está a negociar que pasaría por encargarlles aos departamentos, especialmente ao de cirurxía xeneral, á atención das urxencias pediátricas, porque sería só para casos concretos e pensamos que xeraría unha maior sobrecarga sobre a xa sobrecargada lista de espera de cirurxía, que se incrementaría coa poboación enferma das comarcas pontevedresas máis próximas a Ourense, especialmente A Cañiza, a zona con maior poboación. Por todo isto, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Instar á Xunta de Galiza a que de xeito inmediato realice a contratación do persoal facultativo necesario para manter en Ourense a atención permanente ao servizo de cirurxía pediátrica e para que toda a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

actividade asistencial e cirúrxica derivada das necesidades da súa poboación se poida desenvolver en dito centro sen necesidade de derivar pacientes a outras áreas sanitarias. 2º.- Instar a Xunta de Galiza a que revogue a decisión de unificación do servizo de cirurxía pediátrica da área sanitaria de Ourense e de Vigo.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que, en primeiro lugar, no transcurso da mañá leva escoitado aquí cousas que lle dan auténtica vergoña, como son as xustificacións baseadas en normas que fai o portavoz do Partido Popular, agochándose detrás de datos e de cifras. Sinxelamente arrepiante cando se está a falar de temas de saúde. Antes de que lle digan que este tema tería que expoñerse noutros foros, di que o Grupo Socialista xa presentou diversas iniciativas no Parlamento. Mentres se están a debater os orzamentos xerais do Estado, e tamén no Parlamento de Galicia, as partidas en sanidade redúcense no Estado para comprar armamento e en Galicia as partidas non se invisten correctamente, ou, polo menos, na súa totalidade na provincia de Ourense. Estamos vivindo realidades distintas, mudos paralelos, e o Partido Popular segue instalado na mentira permanente. Como di Montoro: *se acabou la recesión, ya se ve luz, estamos al final del túnel*. Unha broma de mal gusto ante a desesperación de milleiros de familias (onte folga xeral na educación e moitas máis que virán). Non hai luz para moitas familias, para moitos parados, para moitos mozos que son presa da mobilidade exterior, para os maiores que teñen que pagar as medicinas (ou unha parte delas), para os traballadores que ven minguados os seus salarios e os seus dereitos, e tampouco para os enfermos. Pregúntalle ao grupo de goberno se consideran que é unha medida racional que se teñan que desprazar a Vigo os cativos de Ourense en horarios de garda, para facer calquera tipo de cirurxía pediátrica, sexa por unha enfermidade ou por accidente de tráfico, no colexio ou doméstico. Pregunta tamén se o goberno de Feijoo pensou nos custos reais que tal medida supón incluso para os traslados en ambulancia con servizo de enfermería e mesmo, nalgún caso, dun pediatra ¿Pensou tamén este goberno que estes traslados supoñen desprazamentos de menores por estradas, co risco que isto leva consigo? ¿Pensou acaso na dispersión da poboación desta provincia con menores que viven tan lonxe como en pobos da Comarca de Valdeorras, Quintela de Leirado, Ríós, etcétera? ¿Pensou o custo que lles supón ás familias ese desprazamento e ter que quedar en Vigo se o menor queda hospitalizado? ¿Pensou este goberno na conciliación familiar e laboral dos pais e nais cando un menor ten que estar hospitalizado? ¿Pensou este goberno que se se lle concedeu ao CHUOU o nome de Centro Hospitalario Universitario de Ourense é para impartir docencia tamén na especialidade de pediatría?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

Malamente se pode impartir docencia se reducimos servizos ¿Pensou que se nos desprazamos a Vigo estamos saturando ese servizo e, por conseguinte, as listas de espera aumentando as patoloxías? ¿Pensou ese goberno nalgún momento que non somos cifras nin estatísticas e que non se poden valorar os servizos en función dos resultados? ¿Pensou este goberno que se está agredindo o dereito á saúde recollido na Constitución como dereito fundamental? E sobre todo ¿pensou que este servizo é un servizo básico da sanidade pública? Pídelle ao Sr. presidente que lle diga ao goberno galego e ao presidente Feijoo que os servizos públicos non teñen por qué ser rendibles e, de paso, que lle diga á dona Eloína Núñez, xerente do CHUOU (que si é unha prima de risco) que Ourense non necesita suprimir servizos, necesita amplialos. A nosa provincia, que é a que estamos a defender nesta institución, e os seus cidadáns son maltratados polos goberno da Xunta sistematicamente. É preciso que o Sr. presidente, como alcalde de alcaldes, e o seu grupo de goberno (como alcaldes de moitos concellos) lle planten cara, que para iso lembran unha e outra vez que están lexitimados para facelo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que tiña entendido que esta moción é do BNG, aínda que máis parece que é do Grupo Socialista. Non vai falar de brotes verdes, que segundo a Sra. Lama non os hai nin hoxe, aínda que eles falaban deles xa hai tempo. Anuncia que o Grupo Popular está totalmente a favor das propostas de acordo que se expoñen na moción do BNG, sen entrar nalgunha consideración que se fixo na exposición de motivos. Quere facer un breve resumo dun informe do SERGAS, porque duns días para acá hai noticias novas. A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria di que non desaparece o servizo de cirurxía pediátrica de Ourense, é máis, coa creación dunha área de servizo compartido entre a estrutura organizativa de Ourense, Verín e Valdeorras e a estrutura organizativa de Vigo, garántese a continuidade da actividade cirúrxica programada en Ourense, coa posibilidade de incrementar a complexidade dos procesos que se atenden. A creación desta área permite sumar os recursos do CHUOU e do CHUVI para atender aos nenos das dúas estruturas organizativas. Isto permitirá seguir realizando a actividade programada durante todo o ano en idénticas condicións de calidade e seguridade. O servizo de cirurxía da estrutura organizativa de Vigo é o servizo de referencia para os procesos máis complexos de cirurxía pediátrica de Ourense, Verín e Valdeorras. É, polo tanto, onde se derivan este tipo de procesos. A atención continuada para a patoloxía pediátrica está garantida, tanto polos profesionais do CHUOU como polos do CHUVI naqueles casos máis complexos. A reorganización da atención continuada responde a garantir a calidade da atención que se presta. Para finalizar e para os efectos informativos, di que no ano 2012 as intervencións non programadas en Ourense foron

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

64 (unha á semana), a maior parte apendicite (41). En centros do SERGAS cun número de nenos similar á provincia de Ourense, como as estruturas organizativas de Pontevedra ou Lugo, a atención desta patoloxía é prestada por outros facultativos de garda do centro. Di isto non para que teña que ser así, senón no ámbito informativo. A reestruturación da atención continuada responde a garantir a calidade da atención que se presta, e nese sentido lle consta que o SERGAS, e de forma especial e decidida a xerente do Complexo de Ourense, están a traballar de xeito activo. Estanse a ver resultados e está seguro de que se verán máis nun futuro próximo.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, congratúlase do apoio á moción, en todo caso se estaban dispostos a apoiala non sabe para que se leu o informe. Con respecto ao ano 2012, os expertos din cousas diferentes ás que dixo o Sr. Álvarez Dobaño e os ingresados foron 70. Para que a optimización do servizo fose ideal, habería que contratar un cirurxián pediátrico máis para Ourense, que é o que piden os especialistas. En canto ás intervencións urxentes foron 59, programadas 230, en total 289, cunha media mensual de 24. Como se pode observar as cifras non son as mesmas, e pode asegurar que as súas son reais. Reitera que se congratulan do apoio á moción, que vai en beneficio de todos os cidadáns da provincia.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que non sabe por qué lle molesta que ela incida ou abonde un pouco máis nos argumentos que trae o autor da moción. Comenta que as razóns polas que se reduce o número de pediatras é que había catro, un xubíbase, outro pediu un concurso de traslado e concedéuselle, co que quedan dous e dos dous que quedan un está relevado de gardas, co cal, o outro non pode facer todas as gardas. Como xa dixo antes, o Partido Socialista presentou diversas iniciativas no Parlamento de Galicia, que é onde se debería tratar este asunto, e a resposta é do 23 de setembro, poucos días antes de que se producisen os feitos, e dona Rosa Quintana contesta: a organización do servizo de referencia faise seguindo criterios de calidade e seguridade, referendados polas asociacións científicas, tendo sempre en conta as características e necesidades da poboación á que se lle presta o servizo, en calquera caso, a poboación pediátrica de Ourense ten garantida a prestación cirúrxica. De todos modos, hoxe 25 de outubro, ela pregunta onde e a qué prezo, porque hoxe non está garantida. Hoxe recollíase na prensa que dona Eloína Núñez estaba pensando en que un facultativo de Vigo se desprace a Ourense para facer as gardas, e o que hai que facer é cubrir as prazas que fosen precisas e cubrir as ausencias por concurso de traslados. En todo caso, xa que ao Grupo Popular lle gustan moito as cifras, dá datos no sentido de que no Hospital da Coruña hai 16 pediatras para unha poboación de 65.969 rapaces menores de 14 anos, e en Ourense hai dous para 31.485 cativos menores na provincia de Ourense. Congratúlase de que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

o Grupo Popular apoie a moción, e pide que de paso lles dean un recadiño ao Sr. Feijoo e á Sra. conselleira para que non xoguen coa poboación infantil nin cos recursos do CHUOU de Ourense.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Lama que o único que dixo foi que ía respectar ao Grupo do BNG porque foi quen presentou a moción; o día que a presente a Sra. Lama debaterán esa e non outra. En canto ás cifras que deu o Sr. Rodríguez Puga di que cada un ten as súas e cada un tamén pode dicir que son as certas. De todos modos di que non lle satisfai que o pouco impida a normalidade, e por iso están a favor da moción presentada. Non vai dar máis datos, porque igual pensan que quere xustificar algo e non é esa a súa intención. A Sra. Lama citou a dona Rosa Quintana e cre que se equivocou, porque Rosa Quintana non ten que ver coa sanidade. En canto a mandar recadiños, dille que el o moito que pode dar é un consello, os recadiños que os dea quen os queira dar, el non llos leva a ninguén. Citou á Coruña, pero non cita nin Lugo nin Pontevedra.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que non quere xogar coas cifras e que se congratulan do apoio á moción porque é beneficiosa para a provincia de Ourense e porque é necesario que siga a cirurxía infantil na cidade, porque uns 15 pacientes ao mes precisan deste servizo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galiza a que de xeito inmediato realice a contratación do persoal facultativo necesario para manter en Ourense a atención permanente ao servizo de cirurxía pediátrica e para que toda a actividade asistencial e cirúrxica derivada das necesidades da súa poboación se poida desenvolver en dito centro sen necesidade de derivar pacientes a outras áreas sanitarias.
- Instar a Xunta de Galiza a que revogue a decisión de “unificación” do servizo de cirurxía pediátrica da área sanitaria de Ourense e de Vigo.

13°C.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2013, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO.-

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. secretario para que dea lectura á proposta da Presidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2013, relativa ás obras municipais do Concello de San Xoán de Río, incorporando ao plan principal –en substitución da obra denominada “Mantemento de camiños municipais”- a obra denominada “Cemiterio municipal: cerramento e outros”, cun orzamento de execución de 41.300 euros e incorporando ao plan complementario –en substitución da obra denominada “Cemiterio municipal: cerramento e outros”- a obra denominada “Cemiterio municipal: cerramento e outros fase II”, cun orzamento de execución de 41.300 euros.

13ºD.- RENUNCIA DE DON JOSÉ CARLOS MARTÍNEZ-PEDRAYO VALEIRAS AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL.-

Trala unánime declaración da urxencia do asunto, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Martínez-Pedrayo.

D. José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, do Grupo Socialista, manifesta que este pleno tivo momentos intensos e que lle dá pena marchar. O que non pode ser non pode ser. A súa última intervención vai ser breve, porque así o requiren as despedidas. En primeiro lugar, quere agradecerlles aso compañeiros do Grupo Socialista o apoio, pola súa amizade e polo seu traballo. Di isto de corazón, e dilles que poden contar con el para o que sexa, igual que sabe que el pode contar con eles. Aos representantes do BNG deséxalles o mellor e exprésalles o seu recoñecemento persoal polo trato recibido. Aos representantes do Grupo Popular, tamén lles desexa o mellor no persoal pero non no político, por razóns obvias. Non resiste dicir, ou máis ben ten que dicilo, “pau se remas pau se non remas”. Despídese cun adeus e un ata sempre.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, no nome do seu grupo tamén lle desexan moita sorte ao Sr. Martínez-Pedrayo Valeiras, que é unha persoa moi “maja” e dille que estiveron moi satisfeitos coa súa compañía. En todo caso, *arrieros somos* así que igual se atopan noutros sitios.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que esta é unha decisión persoal de Toté e neste sentido antepón o persoal ao político. En canto ao político, di que se sente insatisfeito polo labor que tería querido levar a cabo, porque a ingratidade da política ás veces leva a tomar decisións. Todos debemos aprender que isto é complicado e así hai que transmitírllelo aos propios cidadáns, porque moitas veces dá a sensación de que se quere estar aquí custe o que custe,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

e iso non é así. O Grupo Socialista está contento co traballo que fixo Toté, e a nivel persoal di que é unha persoa “maja” e boa persoa, e por iso a política ao mellor non coincidía coa persoa. Desde o Grupo Socialista deséxanlle o mellor no persoal e no profesional.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta, no nome do seu grupo, o agradecemento pola súa actitude correcta e positiva. A nivel persoal, pídelle desculpas por se algún día houbo algún “chispazo” e puido estar algo agresivo no acaloramento do debate. Únese a todos e deséxalle moita sorte na vida persoal e profesional.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que subscribe as palabras de todos os grupos e agradécelle a súa participación nesta Corporación Provincial, o seu talante e a súa actitude positiva, e tamén lle desexa os mellores éxitos a todos os niveis.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente someta a votación a toma de razón desta renuncia e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, deixándose constancia dela e con efectos do remate da sesión plenaria do día de hoxe.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a designación de suplente para a toma de posesión na próxima sesión.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que vai facer un rogo e algunha pregunta. Non hai moitos días, os veciños e veciñas da Mezquita entrevistáronse co vicepresidente para tratar de dialogar con NovaGalicia Banco, xa que todos sabemos onde está ese concello e o recorrido que teñen facer os veciños para trasladarse á Gudiña, co conseguinte trastorno que iso leva consigo. Rógalle á Presidencia que se dirixa ás autoridades de NGB para solicitar as demandas que fan os veciños, que en principio son: apertura todos os xoves, apertura todos os días de feira e apertura de todos os días primeiros da cada mes. Con respecto ás preguntas, di que ultimamente todos sabemos que hai deputados (alcalde de Baltar e alcalde de Barbadás) que están imputados e teñen pasado polo Pazo de Xustiza. Non van entrar en se existen expedientes abertos contra eles ou non, xa que iso é cousa do Partido Popular. O que si lles sorprende é que, seguindo os criterios que expresa en público o presidente desta Deputación, sigan sendo deputados e formen parte do grupo de goberno, polo que lle pregunta ao presidente se ten pensado cesalos da súa condición de membros do grupo de goberno, e cal é a condición do alcalde de Baltar, dado que está suspendido de militancia do grupo provincial do Partido Popular. En relación coa demanda feita polo Sr. Freire Couto reclamando 51.892 €, efectuada o 31 de maio, pregunta se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

por parte da Secretaría Xeral e do Servizo de Intervención se estudou esa reclamación. Pregunta tamén se podería comunicarlle a este Pleno cal é a decisión, que en aplicación da legalidade, segundo as súas palabras, correspondería neste caso concreto. Pregunta tamén, xa que se formulou o 31 de maio, se este caso podería entrar dentro dun acto presunto como consecuencia xurídica da inacción da Administración, de non contestar en tempo e forma.

O Sr. presidente contesta, con respecto ao rogo, que xa se dirixiu aos responsables territoriais de NGB sumándose ás reivindicacións dos veciños da Mezquita. En canto ás preguntas en relación cos deputados Sres. Freire Couto e Feijóo Alonso, di que seguen formando parte do grupo de goberno. Houbo unha cuestión de carácter político, de afiliación ao Partido Popular en aplicación dos estatutos. En canto á reclamación do Sr. Freire Couto, di que aínda non foi respondida e, en canto á última pregunta, di que non cabe que esa non contestación sexa a resposta afirmativa. Canto estea elaborada a resposta comunicaráselle oportunamente.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, quere facerlle unha pregunta moi concreta ao Sr. presidente: ¿vai vostede contestar ás preguntas que lle presenta a oposición? A lei contempla 8 días e o Sr. presidente tarda ata dous meses ou máis. Lembra preguntas que ten sen contestar, como que xa foron ver dúas veces o expediente do Pedecé e fixeron preguntas relativas á documentación da investigación da OLAF que non aparece no expediente. Pediron esa documentación por escrito e non se responde. Teñen presentadas por escrito varias peticións sobre proxectos europeos, preguntando se se teñen feito auditorías e inspeccións dos proxectos Estacións, Estacións Vivas, Pedecé, Proforest, Ilumina Lima, etcétera. Pensa que é unha pregunta moi sinxela, polo que pide que lla contesten. Pide que se lles informe da investigación da OLAF sobre estes mesmos proxectos. Tamén queren información e documentación sobre a investigación da OLAF. Isto todo xa está solicitado por escrito e xa empeza a parecer *“el cuento de la haba que nunca se acaba”*. Pregúntalle ao Sr. presidente se lles está tomando o pelo e se lles vai seguir poñendo trabas.

O Sr. presidente responde que non está a poñer ningunha traba. O Grupo Socialista leva presentado máis de catrocentas preguntas, e ata o día de onte faltaban por responder dez, que se responderán nos próximos días. A última hora da mañá presentaron vinte e tres preguntas máis. Anuncia que estas preguntas serán contestadas. En relación co que pregunta a deputada sobre a investigación da OLAF respecto doutros proxectos que non sexan Daredo e Deputrans, di que non lle consta que a OLAF estea investigando ningún dos outros proxectos. Tamén di que algún dos proxectos aos que se refire o Grupo Socialista nin sequera existe,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

porque se referiron a un proxecto ao que denominaban EET, e así llo fixeron saber. De todos modos, nos próximos días intentarase contestar a esas trinta e tres preguntas que quedan por responder.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, anuncia que ten máis preguntas, aínda que algunha pode que as faga ou non, dependendo das respostas do presidente a outras. Pregunta cando se vai poñer en marcha a sinatura electrónica para facilitar o traballo dos membros da Corporación Provincial. Así como o sistema de responderlles aos membros da Corporación Provincial por vía telemática. Isto suporía un importante aforro de diñeiro cuantitativo. Fan esta pregunta porque nun Decreto do mes de xuño hai un gasto de 18.815,50 € para a posta en funcionamento dun programa informático para elaborar a páxina web e para implantar un sistema de sinatura dixital. Quere saber se este proxecto tamén vai beneficiar aos membros da corporación.

O **Sr. presidente** responde que verán se é posible, con ese esforzo económico ao que aludiu a Sra. Morenza, acometer esa reivindicación pero, en todo caso, en 2014 estarán practicamente executadas todas esas previsións en canto a modernización electrónica da administración provincial.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, pregunta se se lles vai responder ás preguntas feitas nas comisións informativas, ou van ter que esperar un mes a que se lles respondan na acta da seguinte comisión, porque fixeron varias nas comisións do pasado xoves e aínda non se respondeu a ningunha.

O **Sr. presidente** responde que esas preguntas se van responder todas de forma oportuna.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, pide que lle defina a palabra oportuna, porque é duro facer oposición así. Agora ten que volver ao *“cuento de la haba que nunca se acaba”*, e en relación coa directora do Teatro Principal, di que cando fixo por primeira vez a mesma pregunta aínda viña con roupa de verán. A pregunta era, dos seis días que pretende cobrar Olga Mojón da Deputación, só se xustifican tres, 21, 22 e 23 de xaneiro, pero os outros tres non están xustificadas. Respóndeselles cun folio co logotipo do Teatro Principal onde Olga Mojón di que os días 18, 19 e 20 de xaneiro se produciu un visionado de espectáculos, pero non se xustifica nada. Finalmente pregunta se se lle van descontar eses tres días que non están xustificadas. Xa preguntaron reiteradas veces polo mesmo.

O **Sr. presidente** manifesta que polo que observa xa recibiron resposta escrita sobre esa pregunta. De todos modos responde que para o goberno da Deputación está plenamente xustificado o gasto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

D.^a Victoria Morenza Doforno, manifesta que para o Grupo Socialista non está xustificando e di que agora toca falar dunha viaxe a Madrid do presidente, porque xa fixeron varias preguntas que aínda están sen contestar. Unha delas é que unha vez visto que o presidente da Deputación de Ourense se desprazou a Madrid á presentación do seu libro “Falemos de Ourensanía” pediuse información sobre quen correu cos gastos deste desprazamento, se se empregou coche oficial da Deputación para este acto de índole particular. Pide que se lles responda agora.

O **Sr. presidente** di que ninguén lle vai dicir cando ten que responder.

D.^a Victoria Morenza Doforno, pide tamén que se lles facilite a copia das facturas de gastos do presidente a Madrid o 8 de outubro de 2013 (xa o pediron o 9 de outubro e hoxe é 25). Pide que se lle explique tamén (xa o preguntou tamén o 9 de outubro) se ao acto de presentación do libro Falemos de Ourensanía en Madrid o acompañou algún traballador da Deputación e se foi así cal foi o motivo.

O **Sr. presidente** responde que esas preguntas serán oportunamente contestadas.

D.^a Victoria Morenza Doforno, di que como colofón podería preguntarlle ao presidente se lles vai seguir tomando o pelo. Por último, di que na comisión da semana pasada se lle preguntou ao presidente se ía seguir dalgún xeito a iniciativa de Besteiro para a recollida de sinaturas e a promoción da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. O presidente respondeu que aínda non tiña claro que iniciativa ía seguir e que se ía reunir con Besteiro nesta semana. Non saben se se reuniu ou se tomou algún tipo de decisión ao respecto.

O **Sr. presidente** responde que se reuniu no día de onte con Xosé Ramón Gómez Besteiro e acordaron, antes de que remate o ano, asinar un convenio de colaboración entre as dúas deputacións provinciais, onde se expresen que actuacións se van levar a cabo. É un convenio aberto a adhesión do goberno autonómico, do goberno central e mesmo dos gobernos municipais dos 21 concellos afectados

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregúntalle ao presidente se concedeu permiso ou licenza por horas, para que o asesor xurídico da Deputación, Sr. Galindo, asistise ao xuízo que se produciu na Audiencia o día 7 contra o alcalde de Baltar.

O **Sr. presidente** contesta que esa pregunta xa foi contestada e ademais ía unido un informe do propio Sr. Galindo sobre ese tema.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que a resposta foi que o Sr. Galindo foi alí e que viu que había un xuízo e quedou. Pregunta se o asesor xurídico desta casa ten entre as súas encomendas asistir a xuízos que se produzan na Audiencia Provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de outubro de 2013

O **Sr. presidente** responde que un asesor xurídico é unha persoa que opera en sede xudicial, e di que se consideran que o informe elaborado non é coherente, formulen as cuestións que consideren oportunas.

E, ás 14:40 horas do citado día vinte e cinco de outubro de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,